www.codigocero.com

Nº 148

Código cero

Revista de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia

Infraestrutura punteira

Rede Dixital de Emerxencias de Galicia

FUNDACIÓN DO CITIC
Impulso á transferencia

PROXECTO TÁCTICA
Afinando comunicacións nos drons de uso civil

FERRAMENTA ESCAPP
Tecnoloxía para axudar ás vítimas do maltrato

ACORDO INEO-AGESTIC
Amplitude de horizontes para o sector

As grandes ideas para
as pequenas empresas
xa teñen o seu centro

Centro Provincial de Asesoramento Empresarial 2.0

- Información, análise e asesoramento sobre o uso das TIC
- Titorización na incorporación das Novas Tecnoloxías
- Capacitación tecnolóxica
- Demostración de produtos e solucións TIC
- Acompañamento para o uso do Comercio Electrónico
- Procura de axudas e subvencións no ámbito tecnolóxico

www.cpae20.depo.es | info.cpae20@depo.es | 886 20 20 20
Cambados | Lalín | Ponteareas | Pontevedra | O Porriño | Vigo

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL "Unha maneira de facer Europa" UNIÓN EUROPEA
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
depoTIC
Deputación Pontevedra
intro Innovación, Novas Tecnoloxías e Recursos Online

Equipo

DIRECTOR:
Xosé Mª Fernández Pazos
director@codigocero.com

WEBMASTER:
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com

SOCIO FUNDADOR:
Carlos Ballesteros
c.ballesteros@codigocero.com

REDACTOR XEFE:
Fernando Sarasqueta
redaccion@codigocero.com

FOTOGRAFÍA:
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA:
María Xesús Vázquez

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Óscar Louzán
publicidade@codigocero.com

PUBLICIDADE:
Carlos Ballesteros Dios
xestion-publicidade@codigocero.com

EDITA:
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Rúa das Hedras nº 4, 1º G
15895 Ames (Milladoiro)
Tel.-fax: 981 530 268
www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com

IMPRIME:
Gráficas Garabal, S.L.
Tel.: 981 56 25 95
graficasgarabal@graficasgarabal.es

Número 148
(novembro - decembro 2015)
Publicación periódica.

Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579 -7554

cando leas a revista, compártea....
.... cun amigo, un familiar, ou
dóaa á biblioteca do teu barrio.
Cantos máis sexamos, máis cambios
conseguiremos

Sumario 148

» novas

5 Resumo de actualidade TIC con especial fincapé nas cousas que acontecen na nosa terra e dende a nosa terra

» reportaxes

9 Gradiant, AtlantTIC e SCR-Everis proban en drons comunicacións máis rápidas e fiábeis
10 Creada e presentada ao detalle a Fundación do CITIC
12 A Fundación TIC aposta polo emprego e a igualdade de oportunidades
13 Ineo e AGESTIC suman azos para fortalecer o sector TIC galego
14 CPEIG e Vicepresidencia lanzan app para axudar ás mulleres en situación de maltrato
16 A Rede de Emerxencias de Galicia xa está a ser empregada por múltiples efectivos da nosa terra
18 A Xunta e a FEGAMP volverán colaborar para impulsar a capacitación TIC a través da CeMIT
19 Un estudo da Axenda Dixital certifica o baixo número de vocacións TIC na nosa terra
20 A Deputación Pontevedra aposta pola fórmula do coworking e estrea conta en Instagram
21 SICON facilítanos todo o que precisamos sobre as licitacións das administracións galegas
22 Boa parte dos operadores suspenden en asistencia técnica e atención ao cliente
23 A Fundación Vodafone premia a proxectos tecnolóxicos ao servizo da atención á dependencia
24 Medidas para revitalizar a lingua e a cultura galega nas redes
25 Abanca prepara sucursais máis TIC
26 Damos conta dos éxitos e as decepcións en Kickstarter
28 A Deputación de Ourense impulsa un foro interprovincial a prol da innovación
30 O CPXG presenta nova web, xornalistas.gal

» gadgets

31 Debullamos con todo luxo de detalles os trebellos tecnolóxicos da tempada

» xogos

33 Repasamos o máis salientábel dos días pasados en materia de xogos e consolas

Neste número....

A maior parte das aplicacións, ferramentas e recursos informáticos que se presentan hoxe en día foron desenvolvidas para botarnos unha man. Doutro xeito, se o pensamos ben, non se terían feito (o que non é útil non é rendíbel, tampouco, no plano económico). Poden axudarnos en múltiples aspectos da nosa vida cotián (contribuír a incrementar o noso rendemento profesional, manternos en contacto cos nosos médicos, axudarnos a sermos máis eficaces á hora de perder o mínimo tempo nunha parada de autobús, estreitar ligazóns con amigos e familiares, etc) e poñen de manifesto o interese dunha chea de profesionais e desenvolvedores por achegar un gran de area para ir dando forma un mundo mellor. Este número, o 148 da nosa andaina, resultou ser un número moi centrado nesta vertente social, útil, práctica e humana da tecnoloxía. Proba disto son as iniciativas levadas a cabo por Gradiant e AtlantTIC para acadar as mellores comunicacións posíbeis co uso de drons para o ámbito civil (uns traballos tecnolóxicos que permitirían afinar ao máximo nas operacións de busca de persoas, no estudo dos solos ou no rexistro dende o aire de todo tipo de elementos naturais ou construtivos), a aplicación presentada por Vicepresidencia e o CPEIG para axudar ás mulleres en situación de maltrato (da que ofrecemos dúas páxinas interiores) ou os recursos desenvolvidos polo Goberno galego para coordinar do mellor xeito posíbel a todos os efectivos de emerxencias e urxencias da nosa terra (Rede de Emerxencias de Galicia, da que achegamos outras dúas páxinas centrais). Asemade, damos conta neste número dos galardóns entregados pola Fundación Vodafone para recoñecer os mellores proxectos tecnolóxicos ao servizo da atención á dependencia (premios entregados os días pasados en Santiago). ■

Humor tecnolóxico de Henrique Neira

Síguenos en:

facebook.com/codigocero | @codigocero | boletín diario de novas | google + | google currents

DEZ ANOS ATRÁS...

Entramos nos días de Nadal marcados de atracóns tecnolóxicos peores que os empachos de noiteboa e fin de ano, pero logo de ter pasado máis horas do que vén sendo normal perante a pantalla do computador, enviando máis correos electrónicos, chateando con maior asiduidade, incrementando a nosa taxa particular de compras por Internet e recibindo (pola contra) máis correo lixo e sufrindo en maior medida as consecuencias da publicidade na Rede, poderiamos pensar que é algo novo, pero resultaba máis antigo do que parecía: era e é o proceso de levar ó eido tecnolóxico os aconteceres da vida mesma.

Estabamos rematando o 2005 e aquel número de hai dez anos o 40 de Código Cero, invitábanos a facer unha reflexión do primeiro lustro do século XXI que estaba a puntos de finiquitar. Así propoñiamos reflexionar sobre a traxectoria vital percorrida, é loxicamente tamén sobre o plano virtual.

Incluíamos naquelas páxinas artigos, novas e reportaxes que poderían interesar máis ou menos, pero que é probable que servisen como diagnóstico da saúde tecnolóxica de Galici. E, como cada ano, incluíamos unha listaxe de todo o publicado por Código Cero ó longo do ano 2005 que xa se foi, resumo que, se nos serve de algo, é precisamente para comprobar que nisto da Sociedade da Información todo caduca a unha velocidade de vertixe. O que onte era a envexa das nosas amizades, hoxe provoca (que se lle vai facer) sorriso.

Así eran 10 anos antes as cousas. Vémonos no próximo número da nosa revista "Código Cero". ■



Telefónica e a **Xunta impulsarán** a **Industria 4.0**

O Goberno autonómico e Telefónica anunciaron que colaborarán no desenvolvemento da Industria 4.0 en Galicia, "aproveitando o peso e a capacidade innovadora da empresa de telecomunicacións para adaptar á comunidade á nova revolución industrial". Como primeiro paso desta colaboración entre a Xunta e a multinacional, a compañía organizou en Santiago a xornada *Industria Conectada 4.0, novos modelos de negocio*, que abordou o efecto desa renovación tecnolóxica en sectores como o motor e o forestal.

Participaron no evento Manuel Alonso, director de Telefónica en Galicia, e máis o conselleiro de Economía, Francisco Conde, que salientaron que a Industria 4.0 e as tecnoloxías facilitadoras ligadas a ela suporán "novas oportunidades de negocio que Galicia debe aproveitar non só no sector fabril, senón no agro e nos servizos".

Conde resaltou que a Industria 4.0 maximizará a eficiencia e a produtividade do tecido empresarial galego; e o desenvolvemento de tecnoloxías facilitadoras tamén pode xerar patentes nas universidades e centros tecnolóxicos e "vai a necesitar novas máquinas e servizos, software e provisións de todo tipo, abrindo novos modelos de negocio B2B, especialmente no eido das TIC". As oportunidades que se abren en torno aos novos modelos de negocio asociados á fábrica intelixente; ás redes intelixentes de enerxía; á loxística intelixente; aos produtos intelixentes; ou ás plataformas de colaboración interempresariais que teñan estándares de información en todo o mundo. ■

Alargascencia axúdanos a prolongar a vida dos nosos aparellos

Co obxectivo de loitar contra o ritmo de consumo ao que nos quere someter boa parte da industria, Amigos da Terra vén de pór en marcha Alargascencia (alargasciencia.org/gl), un directorio web de alcance estatal que acubilla establecementos de arranxo, aluguer, intercambio e compra venda de artigos usados, abranguendo no repositorio electrodomésticos e todo tipo de material tecnolóxico-dixital (amais de outras moitas cousas de uso común nos nosos fogares, como roupa, xoguetes, ferramentas ou móbeis). A finalidade do directorio web é, polo tanto, fomentar as segundas e as terceiras vidas para os obxectos de consumo, unha fórmula de probadas vantaxes e beneficios no ecolóxico e no económico (nos nosos petos).

No punto de mira dos Amigos da Terra están cousas como a obsolescencia programada (concepto que acredita nun acordo transnacional das industrias para poñer no mercado produtos cunha vida útil programada, cunha data de remate de operatividade xa fixada), o fomento do consumo intensivo e anti-sustentábel por parte das grandes empresas (principalmente) e a achega ao mercado (cada vez máis) de aparellos de ínfima calidade que nos obrigan a meternos no círculo da continua substitución.

En palabras dos impulsores Alargascencia, o que se busca é achegar opcións doadas á cidadanía que se nega a cualificar aos seus obxectos, ás primeiras de cambio, como "refugallos". Ao mesmo tempo, o directorio diríxese a "crear conciencia ambiental" con información sobre as vantaxes ambientais e sociais dos modelos de consumo sustentábeis. Así explican os Amigos da Terra a quen se dirixen exactamente: "Se es das persoas que se resisten a cambiar de teléfono móbil unha vez ao ano, aínda que se estrague a batería ou saquen un modelo supostamente; se comprobaches que usas o taladro menos de 5 veces ao ano e non lle ves a lóxica a comprar un novo; se tes ou necesitas roupa de bebé que dura menos de tres meses... benvida a alargascencia!"

Alargascencia é un proxecto colaborativo. Deste xeito, a cifra de iniciativas que acubillaba incrementarase coa cooperación dos internautas. No directorio xa hai máis de douscentos establecementos, 75 deles en Galicia. ■

GOI, o **BlaBlaCar** da paquetería, da man dunha galega



Encabezada pola moza galega Yaiza Canosa chega "a primeira plataforma mundial que conecta transportistas particulares e profesionais con xente que precisa enviar obxectos", GOI, que busca ofrecer rapidez, aforro e sustentabilidade entre outras vantaxes, tanto para o transporte como para as mudanzas, no que podería considerarse como unha versión de sistemas como BlaBlaCar, na que o espazo sobrante dos vehículos en vez de ocupalo outros pasaxeiros aprovéitase para cargas de todo tipo.

GOI (letsgoi.gom) permite optimizar e gañar cartos co espazo sobrante nos vehículos, tanto de condutores particulares como de transportistas profesionais, funcionando polo momento vía web, pero estando xa en preparación a súa aplicación móbil para facer aínda máis práctico o uso desta plataforma que conta xa con máis de 20.000 usuario e prevé medrar tanto a nivel estatal como internacional (enfocándose principalmente en España e Latino América).

Dado que estamos ante un servizo en liña que se limita a pór en contacto persoas para pactar un transporte, dende GOI dan unha serie de consellos para os seus usuarios como pedir o DNI á outra persoa, cubrir un modelo de contrato para formalizar a operación, non transportar paquetes con contidos descoñecidos e pactar dun xeito claro o lugar de recollida e destino, ou sexa as precaucións mínimas para que este sistema funciona coa mesma fiabilidade que un servizo de transporte tradicional, co detalle de que neste caso serán as valoracións dos usuarios os que fixarán o nivel de fiabilidade de cadaquén, servindo este elemento social para mellorar o servizo.

Polo momento GOI non cobra polo seu traballo de intermediación, xa que centra a súa actividade actual en incrementar o seu número de usuarios, que actualmente están repartidos principalmente entre Madrid e A Coruña. Os prezos dos transportes os fixan os propios usuarios, e tenden a estar entre os 3 e 7 euros, en función do volume do obxecto transportado, resultando especialmente atractivo o servizo "para levar cousas delicadas e pesadas", ou sexa, aquel tipo de obxecto que pola súa fraxilidade ou tamaño puidese resultar demasiado vulnerable ou caro o seu transporte mediante un servizo de paquetería tradicional. ■

Concello e **Deputación de Lugo habilitarán Wi-Fi de balde** en tres prazas da cidade

O Concello de Lugo e a Deputación van equipar con Wi-Fi libre e de balde de tres prazas da cidade. Así o deron a coñecer onte a alcaldesa Lara Méndez e máis Darío Campos, presidente do organismo provincial, trala súa primeira xuntanza institucional dende a toma de posesión do titular da Deputación. Segundo informaron tralo encontro (que serviu "para abrir novas vías de colaboración entre as dúas institucións máis importantes da provincia, na mesma liña que nos últimos oito anos"), o convenio para a creación das prazas de conexión pública a Internet sen fíos será aprobado na Xunta de Goberno provincial deste venres para poder asinalo "e iniciar as obras canto antes".

Dotadas con 22.000 euros que achega a institución provincial, consisten na instalación de 5 puntos Wi-Fi: dous na fachada da casa consistorial, dous no palco da música "para dar cobertura a toda a parte baixa da Praza Maior" e unha antena na parte de atrás do consistorio para prestar servizo ás prazas Anxo Fernández Gómez e Campo Castelo. ■



O Campus de Lugo celebrou o **Día da Impresión en 3D**

Celebrouse finalmente o 3DPrinting Day, un evento mundial para visualizar a importancia e as posibilidades da impresión en 3D, e a nosa terra tamén se quixo sumar aos festexos. Máis polo miúdo sumouse a Escola Politécnica Superior do Campus de Lugo. As actividades desenvolvéronse na entrada da cafetería da escola coincidindo coa dita celebración internacional, o xoves 3 de decembro. A EPS achegou un programa "lúdico e divulgativo" da tecnoloxía e das aplicacións da dita técnica de impresión. Segundo informan fontes do centro, o encontro converteuse "nun improvisado foro tecnolóxico polo que pasou numeroso público ao longo de toda a xornada". Esta veu da man do equipo de dirección da EPS, o programa A Ponte do Campus de Lugo e os profesores e investigadores Rosana Guerra, Mariluz Gil e Juan Ortiz.

As sesións comezaron a primeira hora da mañá e estendéronse até ben entrada a tarde. Informouse, en directo e dunha maneira visual e participativa, de como traballan as impresoras 3D e achegáronse múltiples datos prácticos sobre as aplicacións e potencialidades destas tecnoloxías para os eidos da docencia e a investigación, así como para o desenvolvemento da actividade profesional de todas as titulacións que oferta USC no seu Campus de Lugo.

O profesor da USC Juan Ortiz Sanz participou arreo salientando "as múltiples utilidades que presenta a impresión en 3D, xa que se trata dunha tecnoloxía accesíbel e que cada vez resulta máis empregada para moi diversos ámbitos, desde a fabricación de pezas para o motor ou para a aeronáutica, o patrimonio, a xeomática, a tecnoloxía de alimentos e culinaria, as aplicacións veterinarias, a enxeñaría, o deseño, a medicina, etc". Ortiz fixo fincapé, tamén, no éxito de público recibido nesta primeira edición do 3DPrinting Day, "unha iniciativa na que se empregaron dispositivos máis ou menos sinxelos cuxo uso xa se está a xeneralizar nos distintos centros educativos preuniversitarios". Todas as persoas que participaron nos obradoiros programados foron obsequiadas cun logo da USC impreso en 3D. ■

Movistar anuncia a **mellor oferta comercial** para **mudar de iPhone cada 18/24 meses**

Movistar vén de anunciar o servizo *Siempre Nuevo*, unha achega complementaria de financiamento (xa operativa) que permite que os clientes poidan aforrar un 30% no prezo dos iPhone 6s e 6s Plus e cambialos cada 18/24 meses, converténdose no que aseguran que é mellor oferta do mercado de iPhone. Este servizo supón o financiamento sen xuros e a garantía de recompra do dispositivo tras o período de financiamento; de xeito que tras 18 ou 24 meses o cliente pode elixir cambiar o seu *smartphone* por un modelo novo e entregar o seu, ou quedar co terminal e pagar en 4 cotas mensuais o desconto que se lle aplicou inicialmente.

Esta nova promoción pode contratarse nas tendas Movistar e ten unha cota de alta de 25 euros e, como exemplo de financiamento temos que para facerse cun iPhone 6s de 16 GB o cliente terá que pagar 20,52 euros/mes durante 2 anos, o que serían 492,48 euros, cando o prezo de venda oficial do *smartphone* é de 749 euros, polo que estamos ante unha promoción moi interesante para os usuarios fieis á compañía da mazá. ■

Accede á mellor información tecnolóxica

Transmisións máis rápidas e fiábeis

Investigadores galegos proban en drons un innovador sistema de comunicación en tempo real

O Centro AtlantTIC, en colaboración con Gradiant e SCR (do grupo Everis Aeroespacial e Defensa), vén de realizar por vez primeira voos experimentais dun enlace satélite para uso civil. Impulsada e desenvolvida ao abeiro do proxecto TÁCTICA, esta tecnoloxía recentemente probada e validada no Aeródromo das Rozas (Lugo) fará posíbel transmitir por satélite máis información en menos tempo, "mellorando a fiabilidade da comunicación nas diferentes condicións de voo, e aumentando a velocidade de transmisión", informan os responsábeis da iniciativa. Nas Rozas avaliouse o novo sistema de comunicacións embarcado nun dron, un vehículo aéreo sen tripulación, para comprobar as posibilidades de conexión en tempo real a través de satélite.

"O reto desta tecnoloxía", sinalan desde AtlantTIC, "é mellorar os sistemas de comunicación móbiles vía satélite de uso civil (drons, coches, avións, barcos), posto que a día de hoxe xa existen drons no ámbito militar que incorporan sistemas de comunicación por satélite moi sofisticados". Con este fin, déuselle forma a algoritmos de adaptación de enlace que permiten axeitar as transmisións ás condicións nas que se atopa a canle. "Desta maneira", engaden as tres entidades implicadas en TÁCTICA, "acádanse comunicacións máis fiábeis con independencia das condicións de voo e transmítense máis datos a máis velocidade, aínda que se produzan ruídos na canle".

Co fin de achegar o estado de maduración desta tecnoloxía a unha fase próxima ao estado "produto", AtlantTIC contou co coñecemento e a experiencia en UAVs (*Unnamed Aerial Vehicle,* que é outro xeito de denominar os drons) de Gradiant e de SCR-Everis. Así, Gradiant foi responsábel de integrar os algoritmos nun hardware de comunicacións ad-hoc, un prototipo embarcábel nun UAV que se comunicou a través dun satélite norteamericano a 10.500 quilómetros de altura cunha base terrestre en Vigo. A experiencia en innovación de SCR, pola súa banda, fixo posíbel executar os voos de proba da devandita tecnoloxía grazas á súa plataforma de voo ATLANTIC, un UAV de medio alcance que permite voar cargas de pago de 7 quilogramos en misións de até 5 horas.

TÁCTICA, o gran proxecto TIC de Galicia

O desenvolvemento do algoritmo e a posibilidade de realizar as probas reais foi parte dunha das liñas de traballo dun proxecto maior e máis ambicioso no ámbito das novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) en Galicia. Falamos do proxecto TÁCTICA, que conta co apoio do Ministerio de Economía e Competitividade (MINECO) e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). TÁCTICA xorde da man de AltantTIC como unha gran iniciativa de I+D con varias de liñas de investigación que, dunha banda, impulsan o polo de xeración e transferencia de coñecemento TIC creado en Galicia ao redor da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo e, doutra, permiten xerar coñecemento aplicado "con resultados claramente transferíbeis á industria". As demandas empresariais de I+D en Tecnoloxías da Información e a Comunicación e o amplo historial de transferencia de AtlantTIC, permitiron definir varios subproxectos que deben actuar como elementos impulsores desta actividade de transferencia do Centro cara ás empresas do sector TIC.

A través desta colaboración en TÁCTICA, Gradiant consolida a súa traxectoria e competencia tecnolóxica no sector das aeronaves non tripuladas, e reforza o seu modelo de transferencia tecnolóxica cara as empresas de Galicia. O éxito da probas abre un novo espectro de oportunidades en Galicia no marco do sector dos UAVs, unha industria pola que o Goberno de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), apostou fortemente coa súa UAV Civil Initiative para crear un polo de desenvolvemento tecnolóxico-industrial. ■

Nace a Fundación CITIC de Galicia

O padroado da Fundación CITIC ten unha participación moi ampla do sector e das institucións locais

O reitor da Universidade da Coruña, Xosé Luís Armesto Barbeito, presidiu o 20 de novembro o acto de constitución da Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións de Galicia (Fundación CITIC de Galicia), no Parque Tecnolóxico universitario do Campus de Elviña. A nova entidade presentouse logo ao público, contando coa presenza do alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, o vicerreitor de Investigación e Transferencia, Ricardo Cao; o presidente da nova Fundación CITIC de Galicia; o vicepresidente da Fundación CITIC de Galicia e o coordinador do CITIC, Manuel Penedo, ademais do reitor.

A Fundación CITIC de Galicia incorpora no seu padroado, xunto cos investigadores do CITIC e a Universidade da Coruña, ao sector empresarial, aos colexios profesionais e aos clúster TIC. Ten como obxectivo potenciar as actividades de investigación e transferencia na área das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións ao sector produtivo, para o que haberá unha maior implicación coas empresas do sector.

O padroado está formado pola Universidade da Coruña, Altia Consultores, Appentra Solutions, Avansing, Bahía Software, Cluster TIC Galicia, Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia, Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica Informática de Galicia, Emetel Sistemas, Enxenio, Indra, R Cable y Telecomunicaciones Galicia, Tecalis Engineering e Tecnoloxías Plexus. O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, expresou o firme compromiso do goberno local no apoio, colaboración permanente e impulso das iniciativas da Fundación CITIC de Galicia, e manifestou o seu pesar polos condicionantes legais que impiden ó Concello formar parte do padroado na actualidade. ■

Antonio del Corral, vicepresidente da nova Fundación, aproveitou a ocasión para reivindicar que o sector TIC non debe considerarse unha industria auxiliar, senón que ten entidade de seu

Ricardo Cao Abad presidirá a Fundación CITIC de Galicia

▲

Manuel Penedo, coordinador do CITIC, deu conta da actividade do centro durante a presentación da nova Fundación

▲

Xosé Luís Armesto Barbeito, reitor da UDC defendeu o papel da Universidade como servizo público, considerando necesario formar a un elevado número de enxeñeiros en Informática para atender á súa demanda

Finalistas do I Premio TFG Aplicado da FIC

A FIC (Facultade de Informática dá Coruña), coa colaboración do CITIC e a FUAC e o patrocinio de Everis, o Grupo Voz, INDRA, o Instituto Tecnolóxico de Galicia e Telecon, puxo en marcha o primeiro certame que premia o mellor traballo fin de grao (TFG) do curso 2014/15. O obxectivo é recoñecer os mellores proxectos daqueles alumnos que o curso pasado obtiveron a cualificación de Matrícula de Honra.

O decano da FIC, Luis Hervella Nieto, destacou: "Estamos moi agradecidos ás entidades patrocinadoras; a súa colaboración non só nos permitiu dar difusión a proxectos que polo xeral fican nun caixón e non chegan ao coñecemento das entidades públicas e privadas, senón que nos achegaron moitas e moi interesantes novas ideas que poderemos incorporar en vindeiras convocatorias". Segundo lembrou, esta iniciativa xorde de man do CITIC, a FUAC e a propia FIC, "coa arela de dar visibilidade a traballos de moi diversa temática que van alén da técnica informática e amosaron o seu valor e aplicación e uso en mundo real".

Das 18 candidaturas presentadas inicialmente, un comité de expertos designados polas empresas patrocinadoras, analizou todos os proxectos presentados e resolveron os seguintes finalistas:

- *Control dun cuatrirrotor cun miniPC*
  Autor: David Sánchez Canzobre
- *Desenvolvemento dun sistema de información radiolóxico*
  Autor: Martín Lamas Diaz
- *Sistema para a sinatura de contratos online con certificado e DNI electrónico*
  Autor: Carlos Pérez Benavides
- *Sistema de recomendación para o autocompletado intelixente de código*
  Autor: Fernando Posse Álvarez
- *Deseño e implementación dunha contorna web para o despregamento de aplicacións MapReduce en sistemas HPC*
  Autor: Jonatan Enes Álvarez
- *Sistema de domótica con autoconfiguración de transdutores e API para GUI remota*
  Autor: Manuel Suárez Albela

O vindeiro xoves 17 de decembro coñecerase ao gañador do I Premio TFG Aplicado. No acto de entrega, os finalistas defenderán o seu proxecto perante un tribunal formado por representantes das empresas patrocinadoras e por membros da FIC. A dotación económica componse de 1.500 euros para o gañador e dous accésit de 500 euros para outros dous finalistas.

Cofinanciado por: UNIÓN EUROPEA FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL UNA MANERA DE HACER EUROPA
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Universalizando tecnoloxías

A Fundación TIC centrará boa parte dos seus esforzos no emprego e na igualdade de oportunidades

A Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) de Lugo segue adiante co seu obxectivo de promover e levar a cabo actividades encamiñadas ao fomento da educación, a investigación e o desenvolvemento das novas tecnoloxías, así como da denominada Sociedade do Coñecemento, de maneira que se contribúa a mellorar a formación relativa a estas tecnoloxías na provincia de Lugo. Segundo vén de informar a Deputación de Lugo (da que depende a Fundación), aprobouse un orzamento para 2016 por parte da TIC por valor de 1.802.395 euros. O presidente da entidade e da Deputación, Darío Campos, valorou o traballo que vén desenvolvendo a TIC nos últimos oito anos, defendendo "a igualdade de oportunidades como un piar fundamental do sistema educativo".

Cómpre informar que unha parte das actividades da TIC estarán enfocadas a garantir un ensino de calidade adaptado ás demandas dun sector en continuo cambio. "Unha das nosas prioridades é o emprego, polo que reforzaremos as prácticas dos nosos alumnos en escenarios reais e as actividades complementarias coa experiencia de profesionais de prestixio para que teñan a formación axeitada á demanda do mercado", engadiu Campus. Amais, avanzou que "dentro deste obxectivo, seguiremos a traballar para acadar convenios con empresas do sector audiovisual, a través da Escola ou da Lugo Film Commission, coa finalidade de achegar experiencia laboral ao noso alumnado e titulados".

O presidente do organismo provincial tamén fixo fincapé no labor que está a desenvolver o Centro de Innovación Social, InLugo, e a alta demanda para participar nas súas actividades (máis de 1.600 inscricións este ano). Anunciou tamén que en 2016 "incrementaremos a presenza do InLugo con actividades formativas en diversos puntos da provincia co obxectivo de facilitar a todos os lucenses maiores de 55 anos o acceso ás novas tecnoloxías, independentemente do lugar no que residan".

En 2016 a TIC tamén centrará parte do seu traballo no labor social a través do apoio a organizacións sen ánimo de lucro. Por último, engadir que na reunión deste luns acordouse a continuidade de Margarita Soilán Carbia como xerente da Fundación TIC e a incorporación do Deputado Miguel Ángel Sotuela ao Padroado, do que tamén forman parte como patróns Álvaro Santos, Ramiro Moure, Xosé Ferreiro, Jorge Coira e Arturo Vaquero. ■

Os maiores inmortalizan a Muralla cos seus *smartphones* e tabletas

O InLugo, o Centro de Innovación Social que xestiona a Fundación TIC (Deputación de Lugo) vén de sumarse á celebración do 15 aniversario da Muralla como Patrimonio da Humanidade. E fíxoo cun obradoiro de fotografías sobre o monumento e cunha mostra das imaxes dixitais obtidas polos participantes na iniciativa: veciñas e veciños usuarios de InLugo (todos eles maiores de 55 anos e beneficiarios das actividades e envellecemento activo do centro social). No obradoiro fotográfico que acompañou a celebración, os usuarios de InLugo foron introducidos na práctica de fotografar con dispositivos móbiles e na de corrixir e retocar o resultado dos seus traballos.

Segundo fan saber dende a Fundación TIC, "con esta iniciativa quíxose render unha homenaxe ao monumento local máis emblemático coa posta a disposición dos nosos maiores dos medios e as habilidades precisas para o emprego de novas tecnoloxías que forman parte da vida cotiá do común da cidadanía, como é a realización de fotos con móbiles ou tabletas".

A Fundación TIC tamén informou que a actividade estendeuse a todos os maiores da provincia, non só aos usuarios do InLugo, xa que todas as persoas de máis de 55 anos interesadas en amosar as súas fotografías da muralla puideron expoñelas na exposición (a mostra *Tende en colga* nas rúas de Lugo até o 8 de decembro).

Estas accións insírense no programa Fóra e dentro do InLugo, que incluirá diversas citas e eventos relacionados coas novas tecnoloxía nunha festa de Nadal, o 22 de decembro, "coa que se porá fin ao primeiro trimestre de cursos e obradoiros da tempada". Esta iniciativa estará aberta a todos os maiores da provincia.

Acordo histórico

Ineo e AGESTIC suman enerxías a prol do noso sector

O pasado 3 de decembro escenificouse en Lugo o que sen dúbida constitúe un importante acontecemento para, por unha banda, o presente e o futuro do noso sector tecnolóxico-dixital, e pola outra, para o desenvolvemento económico de Galicia. Estamos a falar do pacto de colaboración asinado por dúas asociacións históricas e referenciais da nosa terra dentro do ámbito tecnolóxico-dixital: Ineo (Asociación Multisectorial de Novas Tecnoloxías da Información) e AGESTIC (Asociación Galega de Empresas de Tecnoloxías da Información e a Comunicación). O pacto, fixeron saber os seus responsábeis, consiste nun convenio para defender de xeito coordinado os intereses das empresas asociadas "aliñando estratexias de crecemento". Con este acordo, formalizado na sede en Lugo da Federación Galega de Comercio, séntanse os alicerces para mellorar o posicionamento e visibilidade do noso sector, fortalecendo o apoio a emprendedores.

Na sinatura participaron os presidentes das patronais, Carlos Conde (Ineo) e José María López Bourio (AGESTIC). Ambos salientaron ante os medios os moitos puntos en común de ambas asociacións e, tamén, a misión compartida de construír un sector competitivo, "sensíbel ás necesidades do empresarial TIC galego e que consiga transferir tecnoloxía ao resto dos sectores e á sociedade". Segundo engadiu Conde, en virtude deste acordo está máis vixente que nunca a máxima que alenta de sempre a Ineo: *Camiñar xuntos refórzanos.*

Pola súa banda, o presidente de AGESTIC, José María López Bourio sinalou que "este é un acordo moi importante para reforzar a representatividade das organizacións empresariais do sector TIC de Galicia ante o Goberno da Xunta de Galicia, as administracións, a sociedade e as empresas dos demais sectores".

Tendo en conta estes compromisos e estes desafíos, ambas asociacións amosaron a súa arela de colaborar no posicionamento estratéxico das asociacións, identificando sinerxías entre as actividades e servizos proporcionados por parte das entidades asinantes. Desta maneira, sinalaron, poderán optimizarse recursos co obxectivo de "dar unha meirande visibilidade ás empresas, reforzalas nas súas actividades de negocio e facilitando a aparición de novas iniciativas empresariais". Ademais, engadiron, analizarase a participación conxunta en proxectos do sector TIC, en calidade de socios ou colaboradores de calquera ámbito dos que se poidan beneficiar os asociados de Ineo e AGESTIC. Segundo fixo saber Conde, "iremos da man no medre e no afianzamento de novas iniciativas emprendedoras, porque é preciso aproveitar todo o potencial humano, intelectual e de valor engadido de Galicia".

Asemade, Conde e López Bourio comunicaron que "tanto os socios de Ineo como os de AGESTIC poderán participar nas actividades da Fundación Tecnoloxía Social (FUNTESO) a efectos de difundir a actuación das súas empresas e dos produtos e servizos tecnolóxicos que xeran, participando en foros en Madrid e outras cidades españolas para chegar a outros mercados cos seus servizos TIC".

Con este convenio, que terá unha comisión de seguimento de seu, Ineo quere dar "un paso máis" para sumar forzas no sector tecnolóxico-dixital galego, estratexia na que tamén se insire o convenio rubricado con TIC Ferrolterra en outubro. Lembrar que dende a súa creación, Ineo adica unha boa parte dos seus esforzos a velar polos dereitos e intereses das empresas, "contribuíndo a aumentar a súa competitividade nunha contorna cada vez máis globalizada, ofrecendo a proximidade aos socios como gran valor engadido".

Pola súa banda, AGESTIC leva desde 2003 dando voz a empresas do sector galego e é membro da Fundación Tecnoloxía Social, unha entidade sen ánimo de lucro que baixo o protectorado do Ministerio de Educación serve de ponte entre o sector tecnolóxico-dixital e a sociedade coa finalidade de pór a tecnoloxía ao servizo dos colectivos en risco de exclusión social e exclusión TIC. ■

Tecnoloxía contra o maltrato

Vicepresidencia e o CPEIG lanzan unha aplicación para axudar ás mulleres vítimas da violencia de xénero

Dun tempo a esta parte, as entidades galegas están a xuntar forzas (intensificando esforzos) a prol de novas tecnoloxías para a inclusión, a solidariedade e a acción social. Vímolo recentemente no congreso do Valedor do Pobo contra o ciberacoso ou no programa Navega con Rumbo. Amais do compromiso por unha sociedade mellor informada e máis igualitaria e xusta (no real e no virtual), as ditas iniciativas teñen outro denominador común: a colaboración entre o Goberno galego e o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG). O pasado martes primeiro de decembro, precisamente, presentouse en Santiago un novo capítulo desta cooperación. Trátase da aplicación de balde Escapp, "unha ferramenta específica para axudar ás mulleres vítimas da violencia de xénero".

O recurso informático foi dado a coñecer na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC e contou coa presenza do vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o presidente do CPEIG, Fernando Suárez. Segundo fixeron saber, a aplicación é froito dun acordo Vicepresidencia-CPEIG cuxo obxectivo é crear innovación tecnolóxica con "perspectiva de xénero" que axude a superar "a desigualdade TIC das mulleres" e contribúa á loita contra a violencia de xénero. Amais da aplicación, o acordo abrangue accións formativas, de información e divulgación, "facendo fincapé especial na xente moza e o seu uso das tecnoloxías".

No acto perante os medios, Fernando Suárez debullou a forma e contido de Escapp, como dixemos un recurso para mulleres vítimas da violencia de xénero encamiñado a mellorar na medida do posíbel "a súa difícil situación", fixo saber o presidente do CPEIG, que engadiu que a ferramenta xa está dispoñíbel para Android (play.google.com), estando prevista para datas vindeiras o lanzamento da versión para iOS. Suárez, na

A aplicación punto por punto

A *app* discorre a través de 6 ítems sinxelos e prácticos, que consiste en primeiros sinais do maltrato, que facer, *tips para a túa seguridade, preguntas frecuentes, preto de min, directorio, chama e infórmate, e galería audiovisual.*

1. **Primeiros sinais do maltrato:** Pautas para identificar si estás vivindo potencias situacións de maltrato
2. **Que facer:** consellos e indicacións de como proceder tanto se a muller é vítima de violencia directamente ou pautas de como actuar para calquera persoa que teña coñecemento dunha situación deste tipo
3. **Tips para a túa seguridade:** ofrece pautas de actuación a quen viva situacións de violencia, tanto se aínda non abandonou a dita situación (ofrece consellos claros e directos de como proceder para rachar con ela), como si xa se denunciou a situación (ofrece consellos para a seguridade física da vítima)
4. **Preguntas frecuentes:** contén a resposta ás preguntas que as mulleres que padecen vio-

súa intervención, fixo fincapé nas medidas de seguridade que inclúe e nos elementos dos que dispón para resultar sinxela e acaida para todas as posíbeis usuarias, sexan cales sexan os seus coñecementos informáticos e tecnolóxicos. "Trátase", comentou, "dunha ferramenta moi sinxela, moi intuitiva e moi doada de empregar e de instalar no noso dispositivo". Por contidos, inclúe entre outras moitas cousas os principais consellos e recomendacións para mulleres vítimas de maltrato de xénero. Ademais de apartados como *Primeiros sinais,* Que facer ou *Preguntas frecuentes*, dá acubillo a "un completo directorio de recursos como centros de información á muller, hospitais, corpos de seguridade ou servizos sociais", lembrou Suárez, que tamén recalcou que estes elementos aparecen nun mapa xeoposicionados ao detalle, co fin de facilitar ao máximo unha posíbel busca de información, asesoramento ou axuda.

Segundo fixo saber o presidente do CPEIG, "hai apartados que nos indican o que facer nunha situación así, que recursos de seguridade temos, como e onde informarnos e que pasos dar, como denunciar e que consecuencias pode ter unha denuncia, que recursos teñen as mulleres nesta situación, etc". Suárez rematou a súa intervención lembrando que a ferramenta abrangue unha galería audiovisual de elementos multimedia que liga directamente co repositorio da Secretaría Xeral de Igualdade.

Polo que se refire á intervención de Alfonso Rueda, comezou agradecendo ao CPEIG a súa colaboración "nunha materia de tanta importancia non só para o Goberno, senón para toda a sociedade, xa que a procura da igualdade e a erradicación da violencia de xénero son dous obxectivos fundamentais dunha sociedade moderna". Asemade, recordou que se fixo o máximo fincapé en acadar unha ferramenta (en alusión a Escapp) especialmente sinxela, por ser a sinxeleza o complemento ideal do útil. "Quixemos que fose ante todo de utilidade e que puidera ser empregada por calquera persoa", sinalou, engadindo que outra das grandes características da aplicación reside, precisamente, en que pode ser usada por calquera persoa que detecte no seu entorno unha posíbel situación de violencia de xénero e queira obter información ao respecto.

Respecto da seguridade posta en xogo, Rueda e Suárez recordaron que a aplicación é quen de camuflarse "coma unha *app* de información xenérica para evitar sospeitas", e está protexida por un contrasinal que debe determinar a propia usuaria. ■

lencia de xénero realizan de xeito recorrente, sobre todo en relación coa denuncia e a súa interposición, sobre a orde de protección e o que implica e sobre os recurso dos que pode dispoñer.

5. **Preto de min:** Activa a través do xeoposicionamento da vítima ou persoa que use a aplicación todo o directorio de recursos existente en Galicia: CIMs, comisarias, hospitais, xulgados específicos etc.
6. **Directorio:** Figuran os datos completos da totalidade dos recursos existentes en Galicia (enderezos e teléfonos)
7. **Chama e infórmate:** Solo con pulsar esta opción de establece a chamada directa co 016 ou co teléfono 900400273 de información ás mulleres
8. **Galería audiovisual:** enlaza coa canle que a Secretaría xeral da Igualdade ten activo en YouTube e no que se soben os diferente produtos audiovisuais que se elaboren en diferentes proxectos. Se actualiza automaticamente, de xeito que actualizada a canle actualizada a aplicación.

Fernando Suárez repite á fronte dun equipo de goberno do CPEIG sen grandes renovacións

Noutra orde de cousas, informar que o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) vén de referendar a equipa directiva liderada por Fernando Suárez nos procesos electorais internos que se desenvolveron os días pasados e resolvéronse finalmente o sábado 28 de novembro. Segundo fan saber fontes da entidade, Fernando Suárez Lorenzo resultou reelixido como presidente. Ademais, a nova xunta de goberno do colexio ficou na súa meirande parte do mesmo xeito que no anterior período (aínda que hai remuda no vicesecretario, no tesoureiro, na vicetesoureira e nos vogais). Deuse a circunstancia de que a candidatura do equipo de Fernando Suárez foi a única que se presentou á renovación da xunta de goberno. Resultou reelixida por aclamación.

A composición da directiva ficaría do seguinte xeito: como presidente, Fernando Suárez Lorenzo; Juan Otero Pombo, vicepresidente; Juan José González Cid, secretario; Roberto Vieito Raña, vicesecretario; Francisco Javier Rodríguez Martínez, tesoureiro; Lorena Otero Cerdeira, vicetesoureira; Francisco Javier García Tobío, vogal 1; María Pilar Vila Avendaño, vogal 2; José Manuel Vázquez Naya, vogal 3; e Iván Luis Vázquez, vogal 4.

Segundo fixo saber o novo equipo, este comprométese a proseguir coas iniciativas "de carácter social do colexio", como a formación e a concienciación a menores e colectivos desfavorecidos, así como a seguir na liña de achegamento e colaboración coas administracións. Do mesmo xeito, engadiu a nova directiva, fomentarase a participación das persoas colexiadas nas comisións "a prol dunha maior contribución ao devir do CPEIG". Tamén se vai facer fincapé en achegar o colexio ás cámaras de comercio e intensificar a oferta de formación.

Polo que atinxe ao labor de defensa da profesión que representa na nosa terra e alén dela, a nova directiva anunciou que continuará "cos labores de recoñecemento da Enxeñaría e Informática", cometido que pasa pola súa regulación, "situándoa ao nivel do resto de enxeñarías". Deste xeito, explica o equipo de Fernando Suárez, "potenciarase a implicación nos órganos de decisión nacional como é a participación na Xunta de Goberno do Consello Xeral de Colexios de Enxeñaría en Informática de España (CCII nas súas siglas en castelán), así como a potenciación da colexiación".

Dispoñibilidade e resposta inmediata garantidas

A Rede Dixital de Emerxencias de Galicia xa está a ser empregada polos principais colectivos da nosa terra adicados a resolver e atender incidentes e urxencias

Os principais colectivos e entidades adicadas á resolución e atención de emerxencias en Galicia xa están a tirar partido da Rede Dixital de Emerxencias de Galicia. Así nolo vén de confirmar o Goberno galego, que detalla que entre estes entidades e colectivos atópanse a Axencia Galega de Emerxencias, a Policía Autonómica e máis o 061. Como lembraremos, a Rede Dixital de Emerxencias é unha iniciativa impulsada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). Ao servizo, amais dos devanditos efectivos, estanse a incorporar de xeito progresivo o 112, os dispositivos anti-incendios e os bombeiros. A entrada en funcionamento desta rede, xestionada polo operador público galego RETEGAL, integra nun mesmo sistema a todos os colectivos que participan nas emerxencias, mellorando a súa coordinación. Segundo nos contan dende AMTEGA, a rede é, dentro das súas características e actividade, "a máis moderna de todo o conxunto estatal".

Tecnoloxía de última xeración

Segundo informan AMTEGA e RETEGAL, a rede emprega tecnoloxía TETRA, "a máis punteira para este tipo de comunicacións vinculadas á seguridade pública e recomendada a nivel europeo". O novo sistema caracterízase pola súa fiabilidade mesmo en situacións extremas ou de saturación. Esta tecnoloxía, engaden, "garante a súa dispoñibilidade cando o resto de redes de telefonía móbil se colapsa, emprega dispositivos móbiles adaptados a condicións extremas e permite as comunicacións en grupo entre os diferentes efectivos que interveñen nunha emerxencia e a integración cos sistemas de telefonía fixa e móbil". A Administración autonómica adquiriu xa máis de 4.500 terminais que se irán activando de xeito progresivo.

A maiores, a rede posibilita a incorporación de diversos servizos a xeolocalización en tempo real a posición de todos os dispositivos de emerxencia vía GPS, envíos de SMS a persoas ou grupos, achega de fotos, consulta de bases de datos ou a gravación de conversas con capacidade de ata 120.000 horas de gravación. Posibilita tamén opcións de cifrado das comunicacións, garantindo a súa confidencialidade.

En palabras de AMTEGA e RETEGAL, "estamos perante a primeira rede de emerxencias de España, unha infraestrutura que incorpora a posibilidade de habilitar o servizo de datos mellorado (TEDS) que multiplica por 5 a velocidade de transmisión de datos con respecto as redes de emerxencia convencional". Estas características converten á rede de Galicia na referencia máis moderna en España", recalcan.

O número inicial de usuarios estimados é de 5.000 entre efectivos de AXEGA, Policía Autonómica, 112, dispositivos anti-Incendios, bombeiros e 061, que se prevé que cheguen aos 8.000 nun período de 3 a 5 anos e ten capacidade técnica para chegar até os 12.000.

Incorporación doutras entidades

A Xunta pon a Rede Dixital de Emerxencias á disposición dos concellos, entidades públicas da Comunidade e empresas privadas que precisen coordinarse cos servizos públicos de emerxencias, que poden integrase cun acordo de adhesión. Segundo informa o Goberno autonómico, a día de hoxe 12 concellos formalizaron xa a súa incorporación. As entidades que se integren abonarán un importe proporcional ao número de terminais e aos servizos que se utilicen na rede.

Respecto á adquisición dos terminais precisos para empregar a rede, o modelo de adhesión abrangue dúas posibilidades, a compra directa por parte destas entidades ou o emprego dos terminais da Xunta de Galicia.

Cobertura e investimento

A respecto da funcionalidade actual e o alcance xeográfico, AMTEGA informou que a nova rede dixital está xa operativa en todo o territorio cunha cobertura do 84 % do territorio e o 94 % da poboación, de xeito que "garantirá un alto grao de cobertura nas principais zonas urbanas nas principais vías de comunicación, portos, aeroportos e zonas industriais de especial risco e zonas rurais". Sinalar tamén que a infraestrutura dispón igualmente dunha estación base transportábel, que poderá ser empregada para un despregamento rápido de cobertura nunha zona de sombra ou ben aumentar a capacidade ante un evento que xere un incremento exponencial das comunicacións dos servizos de emerxencia e seguridade.

O investimento foi de 6.378.100,22 euros, dos cales o 70 % son achegados pola entidade pública empresarial Red.es, grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e o 30 % pola Xunta de Galicia, e concretamente pola AMTEGA, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a consellería de Medio Rural e do Mar e a entidade pública empresarial Red.es.

Aforro de 37 millóns de euros

Na creación desta nova infraestrutura de emerxencias aproveitáronse equipamentos avanzados de telecomunicacións implantadas no marco do I Plan de Banda Larga da Xunta e as redes do operador público RETEGAL, "o que permitirá un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais", sinala a entidade galega, que será a encargada de xestionar a rede dixital de emerxencias. ■

Xesús María López Álvarez, xefe do Servizo de Sistemas e Tecnoloxías da Información Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia – 061

Poder dispoñer dunha rede propia para as comunicacións é unha vella demanda do servizo de urxencias sanitarias 061. Ata este momento as comunicacións de voz facíanse utilizando a rede de telefonía móbil. Esta rede é de carácter xeral, utilizada por toda a poboación. Aínda que é operativa para o día a día, pode non selo para situacións de emerxencia, xa que os operadores non poden garantir a cobertura nunha zona en casos de saturación de terminais ou chamadas.

A nova rede, específica para os corpos de emerxencias, permite reducir os tempos de establecemento de comunicación, facer chamadas de grupo, a colaboración entre os diferentes organismos que participan na atención da emerxencia... todo son vantaxes.

Os dispositivos poden xeolocalizarse nun SIX. As chamadas viaxan de forma cifrada e poden ser gravadas se é preciso, respectando a normativa de Seguridade e Protección de Datos. Disponse de envío de mensaxes de estado, mensaxes de texto e de datos para aplicacións. Unha radio portátil pode detectar mesmo a caída de quen a leva, enviando unha alerta á central coas coordenadas, axudando a protexer a vida dos profesionais.

Agardamos que a introdución desta rede poida servir para mellorar o servizo que o 061 presta á Sociedade. Aínda é cedo para contar cunha perspectiva, pero as boas experiencias noutras comunidades fannos crer que imos na dirección correcta.

O papel da AMTEGA como facilitador foi clave na posta en marcha do proxecto.

Juan José Muñoz Iglesias, xerente da Axencia Galega de Emerxencias

Por vez primeira toda as forzas de seguridade e emerxencias (protección civil, bombeiros, policía, sanidade...) empregaremos un mesmo sistema o que facilitará a coordinación e a interconexión segura entre todos os efectivos que participamos nunha situación deste tipo. A nova Rede Dixital de Galicia emprega a tecnoloxía TETRA (Terrestrial Trunked Radio), a máis punteira para este tipo de redes de seguridade pública e que se caracteriza pola súa fiabilidade incluso en situacións extremas ou de saturación. Esta tecnoloxía empregase en redes de máis de 100 países e ten demostrada a súa fiabilidade en situacións críticas como os atentados do 11-M en Madrid, ou o accidente aéreo de Barajas do 2008. A nova rede garante as comunicacións en casos de saturación das redes de comunicacións comerciais como grandes aglomeracións de persoas, atentados e grandes emerxencias… Supón un importante avance na xestión das emerxencias na Comunidade.

Capacitación dixital

A Xunta achegará 782.000 euros á FEGAMP para impulsar a través da CeMIT o noso afianzamento nas TIC

▲ Imaxe de Conchi Paz do Consello da Xunta do 10 de decembro

O Goberno galego e a FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) veñen de anunciar unha nova liña de traballo conxunto destinada, nas súas propias palabras, a "garantir que a capacitación dixital chegue a todos galegos a través das actividades que organiza e promove a Rede de aulas CeMIT". A colaboración FEGAMP-Xunta, que se vai desenvolver ao longo de 2015, foi aprobada no Consello do Goberno galego deste 10 de decembro, estando prevista a sinatura do mesmo para os días vindeiros (sinatura formalizada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, AMTEGA, a Vicepresidencia e Consellería de Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a FEGAMP). Segundo se detallou no Consello, a alianza encamíñase a impulsar na cidadanía coñecementos e formación sobre o acceso ás TIC e, nun plano máis amplo, sobre habilidades dixitais, "facilitando aprendizaxe permanente e contribuíndo á mellora da empregabilidade".

O acordo establece que en 2016 a axencia AMTEGA achegará aos concellos a través da FEGAMP 782.774,70 euros para a realización de actividades en materia de inclusión dixital nas aulas da devandita rede, máis polo miúdo nas consideradas "aulas de referencia". O orzamento distribuirase atendendo a criterios de actividade destes espazos de divulgación TIC así como da poboación do concello. Segundo salienta a axencia, unha das "novidades" do acordo deste ano reside na posibilidade de "dispor dunha listaxe de aulas de reserva, de xeito que, cando unha aula de referencia sexa baixa por vontade propia ou por incumprimento dos criterios establecidos, as aulas de reserva poderán pasar a ser aula de referencia sempre e cando cumpran os requirimentos de actividade". O orzamento constitúe unha parte do investimento total que a AMTEGA destinará á inclusión social o vindeiro ano, que ascende a máis de 1,6 millóns de euros. Os obxectivos previstos da Rede para 2016 son impartir 45.000 horas de formación dixital gratuíta é acadar os 56.000 usuarios rexistrados.

Segundo se fixo saber, xunto coas actividades formativas, o vindeiro ano porase a disposición da cidadanía galega dúas novas ferramentas para facilitar o acceso aos recursos de capacitación dixital. Así, entrará en funcionamento unha web de Inclusión Dixital. Esta abranguerá toda a información relacionada cos servizos, proxectos e iniciativas desenvolvidas pola Xunta neste eido e máis un mapa de e-inclusión, que fará posíbel atopar e xeolocalizar os ditos activos e recursos dispoñíbeis en Galicia no ámbito dixital.

A maiores, AMTEGA engadiu que o vindeiro ano terán continuidade iniciativas singulares que se puxeron en marcha en 2015, como por exemplo CeMIT-Innova, un proxecto para o fomento da innovación social dixital en Galicia e que supuxo a posta en marcha de dez novos pilotos colaborativos impulsados polos axentes TIC das aulas. Tamén se ampliará *O Banco de tempo,* que busca compartir horas de formación entre centros a través de videoconferencia. ■

Todos os centros educativos públicos galegos gozarán de conexións á Rede de 100 Mbps ao remate de 2017

Alberto Núñez Feijóo anunciou o pasado 26 de novembro tralo Concello da Xunta que o 100% dos centros públicos de Primaria e Secundaria de Galicia (máis de 1.200) contarán cunha conexión á Internet de 100 Mbps a finais de 2017, agardándose que tal proporción chegue ao 31% antes do remate do ano que vén.

Este novo paso cara á modernización da educación pública de Galicia é posíbel grazas a un convenio asinado entre a AMTEGA, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación e a Entidade Pública Empresarial Red.es, que conta cun orzamento total de 19,1 millóns de euros. Este convenio permitirá instalar estas conexións de 100 Mbps en 839 centros educativos ao longo de 2016 e 2017 e dun acceso a Wi-Fi por cada 60 alumnos.

O presidente da Xunta destacou que a modernización da educación pública estivo sempre entre as prioridades deste Goberno que agora lle proporciona "unha infraestrutura tecnolóxica de maior nivel". Así, estas novas redes permitirán que tanto alumnos, como profesores, como persoal administrativo poidan conectarse sen esperas nin cortes, que poidan facelo de xeito simultáneo e que se permita traballar con varias aplicacións á vez.

Precísanse vocacións

Un estudo impulsado pola Axenda Dixital de Galicia 2020 certifica o baixo interese do noso alumnado polas carreiras científico-tecnolóxicas

Fan falta máis profesionais científicos e tecnolóxicos. Esta é unha das conclusións que se poden tirar dun informe acabado de presentar na Cidade da Cultura (*Estudo sobre os factores influentes na elección dos estudos científicos, tecnolóxicos e matemáticas en Galicia*) e impulsado a través da Axenda Dixital de Galicia 2020. Nun plano máis concreto, dise na investigación que hoxe en día só o 8,5% do alumnado matriculado no sistema universitario galego cursa carreiras relacionadas cos ditos estudos. Que panorama achega isto? Pois, para comezar, un panorama onde se rexistra, xa, máis demanda ca oferta de profesionais da investigación e das tecnoloxías. As cousas (esta falta de vocacións polas enxeñarías, a ciencia, o informático) están así na nosa terra pero tamén no resto de Europa e en boa parte do mundo. Segundo se fixo saber na presentación do estudo, hai cifra concreta para o déficit de profesionais destes ámbitos que se requiren hoxe para cubrir baleiros en Europa: 900.000 (datos da Comisión).

Polo tanto no vindeiro lustro o índice de titulados nas universidades galegas nos ditos estudos non será de abondo como para cubrir a demanda de profesionais TIC. Segundo se apunta no informe, dos 10.000 alumnos titulados nas tres institucións educativas superiores da nosa terra en 2014, só 753 cursaron carreiras científico-tecnolóxicas, unha tendencia que vai máis e que se mantén, guindando cifras cada vez menores, dende 2010. Este proceso, como dixemos, atopa o seu reflexo inverso na demanda de profesionais TIC das firmas galegas, estatais e europeas, que é cada vez maior.

A presentación contou coa presenza de Mar Pereira, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), Manuel Corredoira, director xeral de Educación, e Sergi Biosca, director de Administracións Públicas da consultora Everis. Ademais, avaliando a investigación punto por punto, participou Sergio Marco, coordinador do estudo desenvolvido para a Axenda Dixital 2020 e xerente na Área de Innovación de Everis. Segundo lembraron os representantes desta empresa, as cifras de vocacións son preocupantes, tanto nos mozos coma nas mozas, aínda que si que é verdade que son especialmente baixas entre a poboación feminina. O resultado de todo isto: o sector tecnolóxico está hoxe en día perdendo un importante potencial laboral, o potencial feminino, que resulta imprescindíbel para o seu desenvolvemento.

Everis tamén lembrou na presentación que "amais dun risco de fenda de xénero", dáse no sector TIC o risco de perpetuar unha fenda de tipo social, xa que é moi superior a presenza de mozos de alto nivel socioeconómico nas carreiras tecnolóxicas e científicas. Os factores máis importantes na toma decisións son os pais (no 79,9% dos casos), a Internet (no 66%) e os amigos (no 45%). Segundo lembrou a empresa, no caso galego está a xogar un papel moi importante, en positivo, o proxecto Abalar, porque por unha banda incide nun incremento das habilidades TIC dos escolares e, pola outra, mellora a opinión que teñen das novas tecnoloxías as nais e os pais.

O estudo en cuestión foi elaborado por Everis, dentro dos seus compromisos como empresa asinante do Pacto Tecnolóxico de Galicia. As tres entidades que colaboraron na súa elaboración foron AMTEGA, a Consellería de Educación e Everis. Este informe é unha das iniciativas da Axenda Dixital de Galicia 2020 para impulsar as vocacións tecnolóxicas. Para atopar a causa da falta de vocacións STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñerías e Matemáticas), o estudo, realizado a partir dunha mostra de 5.120 estudantes de 3º e 4º da ESO e de Bacharelato de 40 centros educativos, identifica unha serie de variábeis que inflúen nos alumnos á hora de elixir o seu itinerario formativo: o alumno, a contorna próxima, a contorna educativa e a contorna social. Sobre estes ámbitos, o estudo propón liñas de actuación para contribuír ao incremento de vocacións TIC.

O informe pon de manifesto que case o 40% dos estudantes non se senten capaces de cursar este tipo de estudos. Unha falta de autoconfianza que se incrementa no caso das alumnas, xa que só o 54% ven capacitadas para estudar unha carreira do ámbito TIC fronte ao 74% dos alumnos. A vocación é a motivación principal dos alumnos (92%) para a elección do tipo de estudos, seguido da utilidade e da facilidade. O informe tamén lembra que o contexto do alumno "é o principal condicionante no momento de elección de estudos STEM". Así, a influencia das nais e pais sería a máis relevante para tomar unha decisión sobre formación, segundo declararon o 79% dos alumnos.

O informe tamén indica que malia que en xeral os alumnos asocian os estudos e profesións STEM a traballos ben remunerados e cun gran impacto social, hai unha porcentaxe de estudantes que descoñecen esta realidade, polo que se considera preciso incidir sobre dous elementos como son o prestixio e a utilidade social.

O informe completo, que está a servir ao Goberno galego para impulsar medidas concretas de choque (destinadas por exemplo a mudar a percepción da mala relación esforzo-beneficio que existe arredor deste tipo de estudos) está dispoñíbel no portal da AMTEGA, amtega.xunta.gal/documentos. ■

Estreando conta en Instagram



A Deputación de Pontevedra vén de estrear conta na rede social Instagram. O obxectivo da entidade provincial, con esta canle comunicativa de seu, é "transmitir de xeito visual e a través de fotografías e infografías, os programas e as actividades que se están a levar a cabo dende a Deputación". A conta foi dada a coñecer pola presidenta da entidade provincial, Carmela Silva, quen aproveitou para facer reconto dos froitos acadados pola institución nas restantes redes sociais nas que ten presenza: son en total 50.000 seareiros repartidos en Facebook (26.089), Twitter (22.757) e YouTube (1.154). En palabras da presidenta, estas e outras cifras amosan ás claras "un proceso de crecemento imparábel" no que a comunicación social e tecnolóxica da Deputación se refire.

Carmela Silva salientou que "as comunidades e canles 2.0 son unha ferramenta fundamental para trasladar a nosa visión do novo goberno da Deputación, no que as portas e fiestras abertas, a transparencia, a proximidade e a atención ás necesidades da cidadanía son a nosa máxima". Segundo engadiu, a través das redes sociais a Deputación de Pontevedra pretende "establecer unha canle de información e, ao mesmo tempo, manter unha relación directa cos usuarios mediante mensaxes públicas e privadas que funcionan coma un centro de atención á cidadanía".

Na conta @deputacionpontevedra de Instagram divulgaranse, cunha frecuencia inicial de tres a seis publicacións semanais, as actividades, os eventos e os plans que a institución provincial está a levar a cabo, con capturas da actividade da Deputación nos 62 concellos da provincia. Ademais, @deputacionpontevedra incluirá contidos relacionados co Museo de Pontevedra e compartirá imaxes doutros usuarios de Instagram, "coa finalidade de achegar diferentes perspectivas e puntos de vista sobre un mesmo acontecemento".

A prol do traballo cooperativo

A Deputación de Pontevedra impulsa centros de *coworking* en Barro, Meis e Lalín

A Deputación de Pontevedra está a apostar polas novas formas de traballo colaborativo e innovador. Así se reflicte no acordo asinado estes días coa Escola de Organización Industrial encamiñado a impulsar o emprendemento na provincia. Segundo fai saber a entidade provincial, a través deste convenio destinaranse 320.000 euros para a creación de espazos conxuntos de *coworking* (traducíbel por *cotraballo*: unha nova fórmula laboral que xunta diversos profesionais e sectores compartindo un mesmo espazo físico e virtual e desenvolver proxectos independentes ou conxuntos) no Polígono Industrial de Barro-Meis e en Lalín. Neles levaranse a cabo actuacións de formación, seguimento e adestramento para os novos proxectos empresariais acubillados.

O convenio, que terá unha vixencia de dous anos prorrogábeis, abrangue o equipamento destes espazos de Lalín, Barro e Meis con conexión Wi-Fi e eléctrica. Nestes acubillos de *coworking* farase especial fincapé en fomentar novas metodoloxías de traballo, comezándose pola fórmula do Lean Startup, destinada a acelerar o proceso de identificación da visibilidade dos proxectos emprendedores. Segundo avanza a Deputación, os espazos contarán tamén cun servizo de coordinación para o apoio de emprendementos, centro de formación e salas de reunión para o proceso de seguimento e tutela.

Con esta iniciativa a Deputación de Pontevedra busca fomentar o emprendemento na provincia e aumentar a probabilidade de éxito dos proxectos dos emprendedores nun período limitado de tempo, "identificando aqueles con maior potencial de desenvolvemento". Para isto, realizaranse catro convocatorias públicas de *coworking* cunha duración, cada unha delas, de 5 meses, dando cabida cada unha a un mínimo de 16 e máximo de 22 proxectos emprendedores nos que participarán entre unha e tres persoas. Cada convocatoria desenvolverá 12 obradoiros obrigados de formación de 5 horas cada un sobre o desenvolvemento de competencias de emprendemento e xestión de proxectos. Por certo que cada edición de *coworking* incluirá eventos co obxectivo de impulsar o *networking* entre emprendedores así como, nas semanas finais do proxecto, unha xornada demostrativa de presentación das actuacións. ■

Acceso total á contratación pública

O portal SICON facilita ás nosas empresas todo o que precisan sobre as licitacións das administracións galegas

Dun tempo a esta parte o Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) dá soporte tecnolóxico a unha serie de ferramentas imprescindibles para a actividade das nosas empresas, sexan do sector e do tamaño que sexan. Entre os recursos que artella informaticamente (e aos que podemos acceder a través do seu portal, cixtec.es) atópase o portal SICON, Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, un portal encamiñado a facilitar ás empresas un achegamento directo ás licitacións das administracións. Dende este portal (conselleriadefacenda.es/sicon/), teremos acceso a todos os medios electrónicos, informáticos e telemáticos que a Xunta de Galicia desenvolveu e desenvolve en materia de contratación pública.

Neste portal, a través da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia estaremos en disposición de ter á man un amplo abano de datos sobre as licitacións da administración e o sector público autonómico e das entidades locais dadas de alta no sistema. Tamén poderemos acceder aos sistemas de facturación electrónica e licitación electrónica implementados para facilitar a presentación de facturas e ofertas por vía telemática.

A ferramenta, como temos sinalado noutras ocasións dende Código Cero, é froito dun obxectivo concreto do Goberno autonómico e máis polo miúdo da Consellería de Facenda, da que depende o CIXTEC: o obxectivo de dar forma a unha "Administración austera, eficiente e próxima ao cidadán, fomentando a supresión paulatina e progresiva do papel e a aposta por servizos públicos en liña.

Máis polo miúdo e centrándonos nas posibilidades ao detalle do portal SICON, sinalar que a través do apartado de e-Trámites, fornece ás empresas catro servizos: o Sistema de facturación electrónica (sistema de entrada de facturas en Internet, a través do cal os provedores poden cursar as súas facturas á Xunta de Galicia de forma electrónica), os Servizos telemáticos do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma (podemos consultar e acceder aos certificados, enviar telematicamente documentación para modificar datos de empresas inscritas ou subscribirnos ao sistema de envío de notificacións telemáticas), o Sistema de licitación electrónica – SILEX (a través do que estaremos en disposición de presentar en liña as ofertas ás licitacións da Xunta en todos aqueles procedementos que indiquen e posibiliten este formato de presentación nos pregos, nos anuncios e máis na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia) e tamén o servizo de Administración Tributaria - Pago Telemático.

Polo que respecta á sección de Contratos, danos acceso á Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (PCG), con información dos procedementos de licitación da Xunta de Galicia, o sector público autonómico, das universidades públicas e entidades locais dadas de alta no sistema. Inclúe buscador de anuncios, adxudicacións, pregos e demais documentación de interese e forma de contacto cos órganos de contratación.

No apartado de Información, ponse ao noso alcance o acceso á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, ao Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, ás Clasificacións estatísticas CPV e CPA e máis a outras plataformas de ámbito autonómico. Iso no que se refire á información galega. Respecto da información estatal, o servizo achega unha xanela directa ao ámbito das licitacións públicas relativo á Administración española permitíndonos dar conta do procedemento de clasificación de empresas por vía telemática do Ministerio de Economía e, tamén, acceder á plataforma de Contratos do Estado. ■

A calidade de asistencia técnica, en picado

Até catro operadoras acadan o suspenso en valoración global de atención ao cliente

A Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL) vén de dar a coñecer os datos do oitavo Estudo de Atención ao Cliente en Telecomunicacións de ADECES, a Asociación Pro Dereitos Civís, Económicos e Sociais. Esta investigación, sinala a plataforma galega, é especialmente oportuna para os usuarios, agora que se levan a cabo importantes concentracións de empresas e créanse escenarios "nos que é preciso encaixar as diferentes culturais empresariais que se fusionan". Como exemplo disto, lembrar a recente adquisición do operador galego R por parte da compañía Euskaltel. Segundo apunta a Unión, o papel sensíbel dos servizos de atención ao cliente vese e veranse acentuado no futuro. Os posíbeis riscos: menor riqueza informativa e peor asistencia técnica. Deste proceso de caída na calidade, reflíctese no estudo, está a ser un exemplo R.

A firma de raizame galega suspende, de feito, "en asistencia técnica e en atención comercial". No outro extremo sitúase Movistar, que é líder en atención ao usuario pero que baixa con respecto ao último estudo.

Para a realización do informe, ADECES realizou un total de 1332 chamadas. Do total de chamadas practicadas, un 90% tiveron como destino o Servizo de Atención Comercial (SAC) para solicitar información, as restantes están relacionadas co Servizo de Asistencia Técnica (SAT) do operador. A recollida de datos realizouse entre marzo e xuño de 2015.

Na investigación, entre outras cousas, sinálase que a valoración global da atención ao cliente está arestora en 5,05 puntos sobre 10. Este dato, reflíctese, amosa un empeoramento con respecto aos índices do estudo do ano pasado "xa que pasamos de un a catro suspensos, os de Orange, Jazztel, R e Vodafone, que non acadan o aprobado". Segundo nos conta a Unión de Consumidores de Galicia, esta caída da media "é o resultado da perda de riqueza informativa na información comercial e do retroceso no apartado técnico".

Movistar, como dixemos, lidera a clasificación con 6,13 puntos, superando ao peor situado, Orange, nun 33%.

No Servizo de Asistencia Técnica (SAT) son varios os operadores que suspenden con notas "extremadamente baixas" como por exemplo Orange (3,60) e Jazztel (3,94). A compañía R cun 4,94 e Vodafone con 4,97 fican no limiar do aprobado, sen conseguilo. Pola contra, en cabeza segue unha vez máis Movistar, malia que é certo que se constatou unha caída da compañía con respecto ao índice do ano pasado en materia SAT. ONO, pola súa parte, baixou 5,51 puntos en relación co estudo de 2014, no que acadou 6,10 puntos.

En termos xerais, a eficiencia da asistencia técnica telefónica viuse reducida até nun 30%. Ademais, o tempo medio empregado na resolución de incidencias situouse nas 71 horas, 10 horas máis que nos datos da sétima edición deste informe. Neste apartado a operadora Movistar é a que mellor rexistro amosa, cunhas 44 horas, seguida de Euskaltel, que está por riba das 50. Pola súa banda, ONO e R andan polas 60 horas, e Orange polas 92. "O resultado", sinala UCGAL, "é que son moitos operadores os que manteñen aos clientes tres días sen servizo e sen boa calidade"

Ademais, é do máis habitual que haxa que chamar unha vez tras outra para atoparmos amaño ao noso problema. Isto é común a todos os operadores, sinálase. No caso de Jazztel a media son sete chamadas, e seis no caso de Orange e Euskaltel. Pola contra, o operador R só rexistra dúas chamadas de media pola mesma incidencia, "un bo dato que agardamos se manteña no futuro", informa a Unión de Consumidores, que engade que Orange é sen dúbida a compañía do sector con meirande tempo de espera para acceder ao SAT, xa que estamos a falar de períodos de doce minutos agardando a que nos atendan. A media está en 6'38".

Sinalar tamén que ADECES detectou que se seguen a pechar en falso avarías "para non alterar as estatísticas de resolución de incidencias en tempo obxectivo" e que tamén se pechan incidencias a pesares de que a insatisfacción do clientes permanece.

Polo que atinxe ao Servizo de Atención Comercial, SAC, a puntuación media dos parámetros obxectivos é de 4,61 (o ano pasado a nota era de 5,44). Neste apartado suspenden 6 dos 8 operadores examinados. Movistar e ONO aproban pero tamén rexistran caídas na puntuación. O peor resultado é para R con 4,04 puntos. Deste xeito, a diferenza entre o Movistar e R e de case o 29%.

O tempo medio de espera do SAC é duns 60 segundos. O peor tempo é o de Vodafone con 78 segundos e o mellor o de ONO con 44. ■

PUNTUACIÓN GLOBAL DOS OPERADORES EN ATENCIÓN Ó CLIENTE

MOVISTAR	ONO	VODAFONE	EUSKALTEL	R	TELECABLE	JAZZTEL	ORANGE	MEDIA
6,13	5,40	4,97	5,14	4,96	5,38	4,36	4,05	5,05

TIC para unha vida mellor

A Fundación Vodafone premia a proxectos tecnolóxicos ao servizo da atención á dependencia

O primeiro de decembro fíxose entrega en Compostela (na Cidade da Cultura) dos IX Premios Vodafone á Innovacíón en Telecomunicacións, dotados con 20.000 euros e cos que a Fundación Vodafone quere destacar os avances tecnolóxicos ao servizo das persoas para así favorecer a atención á dependencia e a inclusión social das persoas con diversidades funcionais e motrices. Deste xeito recoñeceuse ao proxecto asturiano *Lazzus* de Neosentec dentro da categoría *Aplicación Mobile for Good*; na categoría M2M *Mobile for Good* resultou gañador o proxecto *Visualfy* da empresa valenciana *Fusió d'Arts Technology* e, por último, o proxecto *Telelctus Móvil*, presentado polo neurólogo Marc Ribó do Vall d'Hebron Research Institute (VHIR) de Barcelona, venceu na categoría de *Solución TIC Mobile for Good*.

A xornada foi clausurada polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, quen incidiu nas vantaxes do uso das TIC para facilitar a prevención e a atención de persoas de avanzada idade ou con discapacidades, o que resulta de especial interese no caso galego, "xa que o 23% da nosa poboación ten máis de 65 anos e máis de 200.000 persoas teñen recoñecido algún tipo de discapacidade". Precisamente nesta liña, subliñou, "Galicia é unha comunidade pioneira na dixitalización dos servizos sanitarios, con servizos como a historia clínica dixital ou a receita electrónica, xa implantada no 100% dos centros e farmacias galegas".

Feijóo salientou que actualmente estase a traballar en programas como o Fogar Dixital Sociosanitario, que facilita que persoais maiores ou con discapacidade adquiran un grao de autonomía que lles permita seguir residindo nos seus fogares con apoio e supervisión preventiva.

Previamente, o presidente de Vodafone España e da Fundación Vodafone, Francisco Román, comentou que a día de hoxe "a innovación é clave tanto para a administración pública como para a empresa privada". E engadiu: "Estamos especialmente orgullosos do carácter multilocal que Vodafone conseguiu en Galicia, adaptándonos á súa realidade e tentando trasladar toda a nosa experiencia tanto estatal como internacional para revertela en contribución ao progreso sustentábel".

Respecto dos premiados dixo que "estes proxectos sobresaen polo seu valor innovador, pero sobre todo pola súa vocación de contribuír á mellora da calidade de vida das persoas". ■

Proxectos Gañadores

O proxecto asturiano *Lazzus*, presentado por NeoSenTec, resultou galardoado na categoría de Aplicación *Mobile for Good*, que premia a aplicación móbil que contribúa a mellorar a calidade de vida, a autonomía persoal ou a promoción do envellecemento activo. *Lazzus*, dispoñíbel desde xullo para Android e iOS, é unha aplicación cuxa finalidade é axudar a persoas con discapacidade visual a descubrir o que se atopa ao seu aredor, xerando un campo de visión artificial que transmite información sonora sobre o que hai alí onde o usuario apunta co seu móbil.

Na categoría M2M *Mobile for Good* premiouse o proxecto *Visualfy*, desenvolvido pola empresa valenciana *Fusió d'Arts Technology*. Esta solución recolle a información sonora da contorna e de dispositivos móbiles para adaptala con sinais visuais e sensoriais, incluíndo mensaxes de vídeo en lingua de signos para persoas con problemas de audición.

***Telelctus Móbil*, presentado por Marc Ribó, neurólogo do Hospital Vall d'Hebrón de Barcelona, foi o gañador na categoría de *Solución TIC Mobile for Good*, que premia proxectos que remataron a súa fase de definición e están prontos para a súa fase de execución. *Telelctus Móbil* permite que un neurólogo especializado realice unha valoración inicial sobre o terreo dos pacientes con sospeita de ictus. O neurólogo de garda pode realizar unha videoconferencia e ver sobre o mapa a localización exacta do doente e os tempos estimados de chegada aos diferentes hospitais.**

Galegos e internautas

Internautas, entidades e asociacións animan a deixarmos constancia da nosa lingua na Rede

O dominio .gal celebra aniversario

Estes días son moi especiais para centos de páxinas web galegas, xa que xa fai xa un ano da apertura ao público xeral do rexistro de dominios .gal, de xeito que non son poucos os espazos que están a cumprir un ano co novo nome de dominio que serve de bandeira da súa galeguidade.

O dominio .gal xa celebrou o seu primeiro ano de vida o pasado mes de maio, pero estes inicios limitáronse a unha activación técnica do dominio, cunha única páxina web visíbel, á que no verán se sumarían un reducido grupo de Pioneiros, de xeito que non sería até o mes de decembro cando o dominio chegase ao grande público poñendo fin a un longo traxecto para conseguir que o soño dun dominio para a lingua e a cultura de Galicia fose unha realidade.

Para celebrar o primeiro aniversario da apertura dos dominios .gal a Asociación PuntoGal participa un ano máis no Culturgal en Pontevedra entre os días 4 e 6 de decembro, ocupando o expositor 41. Durante a feira cultural tamén presentará o froito da súa colaboración con Rei Zentolo (unha das entidades pioneiras do .gal) que estreará unha serie de deseños nos que se homenaxea á Nós e outra na que se utiliza o humor para facer promoción do dominio .gal.

Neste tempo o número de dominios rexistrados co sufixo .gal aproximouse aos tres mil, e cómpre tamén salientar o apoio institucional por parte da Xunta de Galicia ao aprobares o Decreto 74/2015 que regula a presenza na Internet da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia baixo o dominio .gal, de xeito que se inicia un proceso de migración para que o dominio galego pase a empregarse preferentemente para a identidade na web da Administración.

A directora xeral da Asociación PuntoGal, Edita de Lorenzo, asegura que "seguimos traballando para que moitas empresas privadas galegas vexan a vantaxe de ter o seu enderezo en Internet no marco de .gal". ■

Queremos que Netflix inclúa contidos en galego

Tras levar preto dun mes operando Netflix en España, un certo malestar existe nas comunidades autónomas nas que existe unha segunda lingua oficial, xa que o servizo de vídeo baixo demanda só está a incluír audio e subtítulos en versión orixinal e español nos seus contidos, pese a que varias das producións dispoñíbeis emitíronse en televisións autonómicas, de xeito que estarían previamente dobrados. Isto levou a Anxo Núñez, inquedo creador da plataforma social en galego Lugher, a organizar unha recollida de sinaturas a través de Change.org para esixir que Netflix España engada a opción de versión en galego nos filmes que dispoñan da mesma.

Esta campaña incide no feito que durante os últimos trinta anos dobráronse ao galego numerosas series de televisión e filmes que actualmente non están dispoñibles na nosa lingua para o público, polo que a súa publicación en plataformas de vídeo baixo demanda facilitaría o seu acceso legal en galego, o que claramente contribuiría á normalización da nosa lingua. ■

A Mesa anímanos a lembrar a TripAdvisor que temos lingua propia

A Mesa pola Normalización Lingüística comezou en novembro unha campaña para xuntarmos forzas a prol dun cambio de rumbo na política de aceptación de idiomas da comunidade TripAdvisor, case con toda probabilidade o portal de viaxeiros de meirande envergadura (conta con arredor de 200 millóns de usuarios achegando e recibindo opinións sobre todo tipo de destinos e establecementos). Segundo denuncia a Mesa na súa nova campaña, en TripAdvisor vense perpetrando unha situación de desprezo cara ao galego. Un exemplo disto é que todas as opinións emitidas na nosa lingua, fican de maneira automática excluídas da comunidade.

Porén, sinálase, TripAdvisor si contempla a posibilidade de publicar noutras linguas como alemán, árabe, checo, coreano, chinés, danés, español, eslovaco, finés, francés, grego, hebreo, húngaro, holandés, indonesio, inglés, italiano, xaponés, noruegués, polaco, portugués, ruso, serbio, sueco, tailandés, turco e vietnamita. O sitio en Facebook de TripAdvisor ou a súa canle en Twitter son algúns dos lugares onde A Mesa anima a facer constar o noso rexeitamento a esta exclusión do galego coa etiqueta #EnGalegoOpino. ■

Sucursais TIC

Abanca equipará as súas novas oficinas con tabletas, pantallas interactivas e Wi-Fi

Abanca presentou o pasado 26 de novembro na Coruña o seu novo modelo de oficina, unha aposta polo "tecnolóxico e pola eficacia do servizo para 700 centros de rede comercial", en palabras da entidade galega, cuxo vicepresidente, Juan Carlos Escotet, explicou que estamos ante "un proxecto estratéxico á altura das grandes transformacións que experimentou o banco dende a súa creación". Na posta en longo da oficina piloto fíxose saber, tamén, que o novo concepto de sucursal estenderase de maneira progresiva a toda a rede comercial de Abanca. Entre as incorporacións tecnolóxicas cómpre salientar un dispositivo xestor de benvida e tabletas para facilitar a interacción co cliente.

Dende o punto de vista físico e visual, as dependencias caracterízanse polos seus espazos abertos e sen barreiras, "cun forte compoñente tecnolóxico e de imaxe". Disporán de dúas grandes zonas diferenciadas en función do servizo que se preste ao cliente: a zona transaccional (adicada á benvida e á realización de xestións de efectivo) e a zona de asesoramento (con postos de atención personalizada e salas de reunións).

Como dixemos, a nova oficina da entidade financeira galega está dotada con equipamento e funcionalidades tecnolóxicas "de última xeración". Ademais do xestor de benvida, outro dos elementos tecnolóxicos diferenciais do novo modelo de oficina son as tabletas Microsoft Surface, dispositivos de traballo con funcionalidade de PC que permiten atender o cliente en calquera zona da sucursal. O espazo dispón tamén de infraestrutura Wi-Fi que se dirixe "a facilitar a mobilidade dos empregados e ofrece ao cliente a posibilidade de conectarse a Internet gratuitamente mentres está na oficina, así como de pantallas interactivas", sinalaron os responsábeis do banco na presentación da sucursal piloto, salientando tamén os elementos de vídeo incluídos, que "teñen un papel relevante no novo modelo de oficina de Abanca". Así, as novas sucursais estarán dotadas cun *videowall* e cubos transparentes, "unhas pantallas innovadoras que permiten combinar unha proxección de vídeo cun obxecto real", engadiuse. ■

Aplicación móbil para iOS 9 e os novos iPhone

A nova versión da aplicación móbil de Abanca para dispositivos Apple está dispoñíbel para a súa descarga dende xa na App Store, incluíndo a meirande parte dos avances que Apple lanzou a primeiros de setembro nos seus novos terminais, iPhone 6s e 6s Plus, e en iOS 9, de xeito que o banco galego sería a primeira entidade financeira de España en facer tal. Os clientes terán ao seu alcance as melloras na experiencia de uso que introduce a tecnoloxía 3D Touch e os novos xestos Peek e Pop, sempre que os seus terminais sexan compatíbeis.

Outro dos avances pioneiros no sector que trae esta versión é a integración con Spotlight, que facilita a información de oficinas e operacións frecuentes no propio buscador do dispositivo dunha maneira intuitiva. A nova aplicación móbil de Abanca consegue que a comunicación co dispositivo Apple Watch estea agora máis integrada e permite compartir notificacións de acceso seguro, así como información de oficinas e caixeiros próximos.

A actualización incorpora un acceso máis rápido á correspondencia e recolle todas as comunicacións recibidas, tras unificar *e-correspondencia e As miñas solicitudes*. Tamén agrega un novo menú lateral de configuración e inclúe pequenas melloras de usabilidade, rendemento e corrección de errores. Ademais, permite aos clientes sen claves de acceso ou non clientes cursar a petición de alta no servizo dende o seu propio móbil.

Éxitos e decepcións en Kickstarter

O micromecenado é un fenómeno moi de moda, pero aínda que para produtos culturais (como un disco, unha película ou un libro) está a ser unha ferramenta moi práctica, que facilita a viabilidade de numerosos proxectos, cando falamos de produtos existe unha grande confusión, ao entender o mecenas que está a realizar unha compra anticipada, cando realmente está a contribuír a un proxecto que pode fracasar, de xeito que a posibilidade de verse decepcionado por non recibir un produto final decepcionante, fóra de prazo ou incluso non recibir contraprestación ningunha sempre está aí, e incluso afecta a algúns dos proxectos máis importantes.

Neveira portátil problemática

O caso máis notable nos últimos meses é o da Coolest Cooler, unha neveira portátil multimedia que o ano pasado converteuse no produto de máis éxito en Kickstarter, e que está considerada como un dos meirandes desastres en Kickstarter, xa que os responsables do proxecto tiveron numerosos problemas na fabricación, agravados por problemas cun provedor dun dos elementos do seu motor, do que non foron capaces de atopar substituto, de xeito que moitos dos máis de 60.000 mecenas que achegaron máis de 13 millóns de dólares a este proxecto que tería que terse convertido en realidade no mes de febreiro continúan a agardar pola súa neveira e, para maior indignación, ven como o produto saíu á venda en Amazon, o que resulta moi frustrante para xente que xa achegou os seus cartos hai ano e medio. A compañía promete completar o envío das unidades da neveira aos seus patrocinadores antes de abril de 2016, ou sexa, 14 meses despois do prometido.

O prometedor dron que queda en fume

Pero non é o único grande proxecto de Kickstarter en provocar unha grande insatisfacción, senón que hai casos bastante peores, como o do dron autónomo ZANO, que xuntou 2.335.119 libras esterlinas (uns 3,23 millóns de euros) e quedou nunha mera declaración de intencións, non chegando a completar un produto viable, de xeito que os mecenas non recibiron ningún tipo de recompensa pola súa achega económica, o que levou a Kickstarter a contratar a un xornalista para que realice unha reportaxe sobre o fracaso do proxecto europeo que máis cartos xuntou nesta plataforma de captación de financiamento. Deste xeito poderanse coñecer os detalles deste proxecto para despexar as dúbidas de se estamos ante un caso de inexperiencia e mala sorte ou na estafa que temen algúns mecenas.

Adiamentos inaceptables

Unha das malas novas ao redor do micromecenado das últimas semanas afecta tamén a un produto que non parecería problemático nun primeiro achegamento, como sería o xogo de rol xaponés para PC *Project Phoenix*, que superou o millón de dólares en Kickstarter, e que tería que terse rematado en marzo de 2015 e esta mesma semana publicaron unha actualización na que mudan o seu calendario estimando que non terían unha versión completa do xogo até primeiros de 2018, á que habería que someter a probas durante medio ano, ou sexa, que o xogo padecería un retraso que posiblemente supere os tres anos, o que vai moito máis aló do razoable para un título independente, especialmente porque os responsables do desenvolvemento rexeitan polo momento aceptar solicitudes de devolución dos cartos aos seus mecenas, xa que precisan os cartos para poder completar o proxecto.

Micromecenado galego que cumpre

A acumulación de fracasos en Kickstarter non pode facernos esquecer que esta plataforma está a ter moita forma á hora de promover a innovación, e realmente o número de proxectos frustrados tras acadar financiamento é moi reducido. Amais tamén hai que ter en conta que moitas das iniciativas non están a recorrer a Kickstarter como unha fonte de financiamento para desenvolver o seu I+D e iniciar a produción, senón que tamén hai proxectos que contan con outras fontes de financiamento, e queren aproveitar o escaparate global de Kickstarter para dar a coñecerse ao mundo e, de paso, facer partícipe ao público da súa iniciativa empresarial.

Nesta liña estaría un proxecto galego que xa é unha realidade, Micaton, que puidemos ver en vivo durante a primeira edición da Compostela Mini Maker Faire, e que vén de completar unha campaña en Kickstarter xuntando 116.620 dólares, ou sexa, dobrando a meta que se tiñan fixado para que 3.399 mecenas poidan facerse con este anovador suxeita-parafusos que mediante a imantación facilita a colocación de parafusos en lugares de difícil acceso e que é compatible con desparafusadores manuais e eléctricos.

Temos así un magnífico exemplo de como unha compañía viguesa desenvolveu industrialmente unha idea dirixida ao mercado internacional e, para facilitar a divulgación do seu produto, optou polo micromecenado para vender o seu produto e facilitar a súa proxección global. O obxectivo parece cumprido, e en poucos meses poderemos ver como os mecenas reciben o seu produto e achegan o *feedback* que pode axudar tanto á futura mellora desta liña de produtos como á súa popularización en mercados aos que sería difícil chegar por canles tradicionais. ■

A DEPUTACIÓN DE OURENSE DESTACA POLAS SÚAS SOLUCIÓNS ADMINISTRATIVAS

Participou xunto cos Gobernos Provinciais de Castelló, Girona e Zaragoza no Foro Interprovincial de Innovación

O pasado 20 de novembro celebrouse en Madrid o Foro de Innovación dos Gobernos Locais, un encontro impulsado pola Deputación de Castelló e o Club de Innovación destinado a amosar os avances das administracións en materia de xestión eficiente e eficaz, sustentabilidade, transparencia, participación e integración de novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), entre outras cuestións. No encontro participou o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, expoñendo as experiencias innovadoras recentes do organismo galego. Estas iniciativas tiveron no Foro madrileño especial repercusión, de feito os impulsores do mesmo salientaron a institución provincial galega polas súas solucións administrativas nos ámbitos tecnolóxico e de traballo en rede cos concellos e cidadás da provincia. Solucións inseridas nos eidos da xestión económica, os servizos sociais, as infraestruturas e a cultura.

Por certo que no marco deste encontro, as deputacións de Ourense, Castelló, Girona e Zaragoza acordaron constituír o Foro Interprovincial de Innovación, un ente que ten como obxectivo "manter unha canle continua para favorecer a transferencia de experiencias e coñecemento entre persoas e institucións a prol da modernización dos servizos que prestan os gobernos locais intermedios", sinalaron os seus impulsores.

Nun plano máis concreto, Manuel Baltar asinou cos seus homólogos provinciais un documento no que se pide ampliar a colaboración a outras administracións públicas e a entidades como a FEMP, Partenalia ou a Rede Española de Cidades Intelixentes (RECI), para, entre todos, "compartir coñecemento nos temas relacionados coa innovación, a tecnoloxía e a administración electrónica", afirmou Manuel Baltar.

Segundo fixeron saber as institucións asinantes, o Foro Interprovincial de Innovación contará co Club de Innovación e Espublico como colaboradores estratéxicos, e impulsará a adhesión doutros gobernos locais intermedios para que a transferencia de experiencias e intercambio de coñecemento entre persoas e institucións "non se interrompa senón que se manteña de modo permanente ao longo de todo o ano, máis aló dos eventos que se organicen", explicou o titular do organismo provincial ourensán.

Manuel Baltar foi convidado a intervir diante de máis de 50 institucións que debateron e puxeron en común experiencias de éxito, tanto práctico como conceptual, nas áreas e servizos relacionados coa innovación, a eAdministración, a tecnoloxía e o asesoramento a municipios.

O obxectivo, lembra a Deputación de Ourense, "foi afondar nas áreas devanditas debatendo sobre os retos de futuro das administracións provinciais e o seu papel de promoción e apoio da modernización dos seus servizos, transferencia tecnolóxica e marco legal".

Baixo a denominación común de *provincia intelixente*, Baltar debullou o traballo recente da institución que representa a prol do fomento da innovación tecnolóxica nos 92 concellos da provincia de Ourense. A exposición destas actuacións foi o detonante dun debate entre técnicos e representantes institucionais reunidos no foro, "polo que supón de innovación e xestión supramunicipal en rede de servizos". Manuel Baltar destacou que "traballamos na liña de situar a cada concello na vangarda tecnolóxica no que á xestión administrativa se refire porque non importa o número de persoas que resida en cada municipio senón o territorio, xa que todas as veciñas e veciños de calquera lugar da nosa provincia teñen o mesmo dereito

a recibir os mesmos servizos coa máxima eficacia e excelencia na prestación, e para isto o concepto de *provincia intelixente* significa desenvolver iniciativas innovadoras na administración pública aplicadas ás xestións dos concellos e dos cidadáns para facilitarlles os trámites e para achegarlles solucións innovadoras aos seus problemas e necesidades".

Baltar, máis en detalle, expuxo o seu modelo de xestión para a provincia de Ourense no relatorio previo á clausura do Foro, xunto aos seus homólogos de Castelló, Javier Moliner, e de Girona, Per Vila. Os tres analizaron a estratexia política e os plans de actuación dos gobernos provinciais de Ourense, Castellón e Girona no ámbito da innovación na prestación de servizos aos cidadáns.

Como exemplos concretos de actuacións avanzadas e innovadoras, o presidente da Deputación de Ourense subliñou "a gran relevancia para a cidadanía de iniciativas de innovación administrativa postas en marcha nos últimos anos, como por exemplo a Carta de Servizos da Deputación de Ourense, o Debate sobre o Estado da Provincia, a aprobación no mes de setembro dos orzamentos do ano seguinte, o Código Ético, a Ordenanza de Transparencia, a aposta pola política, a formación dos cargos públicos locais ou a retransmisión de actos a través da web institucional". Na súa opinión, trátase de "toda unha serie de ferramentas e actuacións que nos sitúan á vangarda dos gobernos provinciais, marcando en moitos temas a pauta a seguir nas provincias do futuro".

No foro, que se celebrou no Instituto Nacional de Administración Pública de Madrid, o presidente do goberno provincial explicou que o modelo de xestión para a provincia de Ourense baséase nos plans de estratexia operativa Ourense 92 e Plan 15-19 que o Goberno provincial desenvolve no ámbito da innovación e da xestión pública. A estratexia de posicionamento da marca

> Manuel Baltar foi convidado a presentar o seu modelo de "Provincia Intelixente", no que se promove o traballo en rede do goberno provincial cos concellos e cidadáns da provincia

Ourense; a promoción das singularidades da provincia; un modelo de xestión pública baseado en iniciativas innovadoras e participativas (que facilitan a relación administración-cidadán); a cooperación público-privada e a transparencia como liña institucional básica, centraron os temas da intervención de Manuel Baltar.Como exemplos concretos de actuacións avanzadas e innovadoras, o presidente da Deputación de Ourense subliñou "a gran relevancia para a cidadanía de iniciativas de innovación administrativa postas en marcha nos últimos anos, como por exemplo a Carta de Servizos da Deputación de Ourense, o Debate sobre o Estado da Provincia, a aprobación no mes de setembro dos orzamentos do ano seguinte, o Código Ético, a Ordenanza de Transparencia, a aposta pola política, a formación dos cargos públicos locais ou a retransmisión de actos a través da web institucional". Na súa opinión, trátase de "toda unha serie de ferramentas e actuacións que nos sitúan á vangarda dos gobernos provinciais, marcando en moitos temas a pauta a seguir nas provincias do futuro".

No foro, que se celebrou no Instituto Nacional de Administración Pública de Madrid, o presidente do goberno provincial explicou que o modelo de xestión para a provincia de Ourense baséase nos plans de estratexia operativa Ourense 92 e Plan 15-19 que o Goberno provincial desenvolve no ámbito da innovación e da xestión pública. A estratexia de posicionamento da *marca Ourense*; a promoción das singularidades da provincia; un modelo de xestión pública baseado en iniciativas innovadoras e participativas (que facilitan a relación administración-cidadán); a cooperación público-privada e a transparencia como liña institucional básica, centraron os temas da intervención de Manuel Baltar. ■

Manuel Baltar, elixido membro do Consello Mundial de Cidades e Gobernos Locais Unidos

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, participou en Madrid na Xunta de Goberno da Federación de Municipios e Provincias, reunión na que foi elixido membro do Consello Mundial de Cidades e Gobernos Locais Unidos. Este organismo representa no ámbito mundial ás administracións locais autónomas e ten como obxectivo "promover a cooperación e apoio a municipios e gobernos locais intermedios para desenvolver iniciativas innovadoras de ámbito global aplicadas á realidade de cada territorio e a prol da cidadanía", afirmou Manuel Baltar nada máis coñecerse a súa designación.

O Consello Mundial traballa en todos os continentes para aumentar o rol e a influencia dos gobernos locais e rexionais e tamén das organizacións que os representan na gobernanza global. "Trátase de coordinar – explica Manuel Baltar- estratexias locais nun ámbito mundial para poder acadar decisións que contan coa fortaleza internacional e que logo poidan ser aplicadas nas contornas provinciais e rexionais, tanto no que atinxe a proxectos de competitividade económica como medioambientais, culturais ou de infraestruturas".

O presidente do goberno provincial considera que unha das principais liñas de actuación do Consello Mundial de Cidades e Gobernos Locais Unidos "é o traballo en rede", algo que ao realizarse con carácter mundial "potencia as capacidades das administracións locais á hora da toma de decisións, e facilita en gran medida a realización de programas conxuntos". Segundo afirma Baltar, "cooperación e traballo mundial en rede son as grandes fortalezas desta organización".

Xornalistas.gal

O Colexio de Xornalistas presenta unha web de seu "para visitar todos os días"

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia presentou o pasado 26 de novembro en Santiago (Facultade de Xornalismo) un feixe de novidades destinadas a incrementar a marxe de interacción colaborativa entre os colexiados e entre estes e a cidadanía. Por unha banda, a entidade deu a coñecer a súa nova web, xornalistas.gal, desenvolvida pola empresa galega A Navalla Suíza e presentada na cita cos medios como "unha web para habitala". Asemade, o Colexio achegou datos sobre o proxecto Xornalismo na Escola e sobre un novo servizo de espazo de traballo para os membros da entidade, na súa propia sede en Santiago. Na presentación estiveron presentes o decano do Colexio, Xosé Manuel Pereiro; Anxo Pérez Romariz, responsábel de Comunicación de la Caixa en Galicia; e Manuel Barreiro, de A Navalla Suíza. Respecto da nova web Pereiro dixo que a intención é convertela na páxina de inicio dos nosos xornalistas, "non algo que se visita de cando en vez".

Segundo engadiu, o sitio en liña acabado de presentar é unha adaptación ás novas tendencias e correntes web da actualidade: "Unha adaptación de algo que xa era bo, a páxina previa, pero que cumpría facer máis visual, máis útil, máis dinámica e máis acaida para os novos dispositivos de acceso", sexan da índole que sexan.

Como dixemos, o novo espazo foi desenvolvido por A Navalla Suíza (que recunca achegando a súa experiencia e bo facer ao Colexio, logo de ter desenvolvido -esta mesma empresa- a anterior versión da páxina). En representación da firma emprazada en Milladoiro (Ames) participou no acto Manuel Barreiro, quen describiu o resultado do proxecto como un esforzo por poñer ao Colexio en meirande sintonía coas redes sociais (que teñen na web especial presenza) e cos novos estilos e formatos de traballo. De feito, sinalou, trátase ante todo dun espazo de comunicación e, tamén, dunha caixa de ferramentas que fortalece o concepto de oficina global e sen límites espaciais. Cara a isto precisamente (cara esta vontade de aplicar en xornalistas.gal semellantes utilidades ás que lle son propias ao instrumento que dá nome á empresa) diríxese unha das seccións máis salientábeis da nova páxina, a sección *Ferramentas*, que acubilla unha cumprida listaxe de recursos lingüísticos e informáticos (Transcritor de Audios, OrtoGal, LinguaKit, Conxugador Cilenis, Conxugador Verbix, Google Translate, Opentrad, etc) para facilitar o labor do xornalista. Segundo engadiu Barreiro, estamos "perante un bazar colaborativo" de ferramentas, un repositorio que se irá incrementando cada pouco e que se complementa con seccións tan destacadas como a *Biblioteca*, que funciona como un gran acubillo de material xornalístico (dossiers, informes, documentación, guías de medios, etc). "É unha web máis do noso tempo", engadiu, lembrando que para o seu desenvolvemento tamén se fixo especial fincapé no deseño *responsive* que permite unha accesibilidade e empregabilidade total dende os máis variados dispositivos móbiles. Sobre as comparacións (inevitábeis) coa anterior páxina do Colexio, Barreiro informou que a nova proposta é máis dinámica, fluída e líquida, en contraposición coa web previa, máis estruturada, sólida e arquitecturizada.

Polo que respecta ao proxecto Xornalismo na Escola presentado tamén o día 26, é unha iniciativa nova que ten o apoio da Obra Social La Caixa e que se encamiña a pór en marcha sesións pedagóxicas en aulas de 3º e 4º da ESO de centros de toda a xeografía galega. "Preténdese achegar ós máis novos, de forma práctica, diferentes aspectos da comunicación, dos medios e das novas tecnoloxías", fixo saber o CPXG, que será o encargado de seleccionar de entre as propostas recibidas, a seis colexiados e colexiadas en procura de emprego que se encargarán de impartir as sesións e elaborar as unidades didácticas. Anxo Pérez Romariz comentou que a Obra Social leva xa algún tempo realizando este proxecto noutras zonas como Catalunya, Sevilla e Madrid, no que xornalistas en paro imparten xornadas didácticas sobre comunicación a alumnos de educación secundaria.

Xosé Manuel Pereiro rematou a rolda de prensa avanzando "que en breve porase a disposición dos colexiados un servizo de uso de despacho para atender ás necesidades dos xornalistas que puntualmente precisen dun espazo para traballar ou manter unha reunión". O Colexio de Xornalistas informará en breve deste novo servizo e das súas pautas para solicitalo e para usalo. ■

O Xiaomi Redmi Note 3 conta con carcasa metálica, lector de pegadas dixitais e batería de 4.000 mAh

Nos últimos meses está a causar furor entre os seareiros dos móbiles chineses o Xiaomi Redmi Note 2, por incorporar o procesador do HTC One M9+, o MediaTek Helio X10, que está a converterse en todo un referente nos smartphones chineses por achegar unha elevada potencia e un consumo axustado a un prezo reducido, o que levou a fabricante chinés a repetir a súa aposta e renovar este terminal con detalles que o permitirían competir cara a cara con outros dos produtos revelación dos últimos meses, o Zuk Z1, xa que tamén opta por acabado metálico, lector de pegadas dixitais e batería de alta capacidade.

O RedMi Note 3 chega así como un smartphone con pantalla Full HD de 5,5 polgadas, procesador Helio X10, 2/3 Gb de RAM, 16/32 GB de almacenamento interno, cámara traseira de 13 Mpíxeles con flash duo-ton e frontal de 5 Mpíxeles con 36 perfís *smart beauty*, lector de pegadas dixitais na súa parte traseira (capa de desbloquear o móbil en 0,3 segundos), Wi-Fi AC, dobre SIM 4G, carcasa metálica (en cor prata, gris escuro e ouro), batería de 4.000 mAh de alta densidade (de xeito que consegue manter o terminal nun peso e nunhas dimensións moi reducidas), un grosor de 8,65 milímetros, un peso de 164 gramos e sistema operativo MIUI 7 (baseado en Android Lollipop).

O máis rechamante deste novo smartphone é que, pese ás súas elevadas prestacións e o seu coidado acabado, consegue manter o prezo moi axustado, custando o seu modelo con 2 GB de RAM e 16 GB de almacenamento interno só 899 iuans (132 euros), e o modelo con 3 GB de RAM e 32 GB de almacenamento só 1.099 iuans (161,41 euros). Uns smartphones que claramente van facer tremer a gama media durante os vindeiros meses, poñéndollo realmente complicado aos grandes fabricantes, que terán complicado xustificar os seus prezos. ■

Q Founder, o reloxo con Android Wear de Fossil

Para gozar dun smartwatch con Android Wear que poida pasar por un reloxo tradicional non hai por que recorrer a produtos coma o TAG Heuer Connected (que ten un prezo de 1.350 euros), senón que outros fabricantes como Fossil tamén decidiron meterse neste mercado co seu reloxo de aceiro inoxidable Q Founder, que está dispoñible en Europa por 299 euros. Deste xeito temos un reloxo dunha marca *tradicional* que se achega aos rango de prezos de fabricantes como LG ou Huawei, e incluso ten un prezo considerablemente inferior se miramos aos terminais con correa metálica.

O Q Founder de Fossil é un smartwatch resistente a auga cunha correa de cor prata cun ancho de 22 milímetros que pode comunicarse con smartphones con Android e iOS a través de Bluetooth 4.1. Ten 1 GB de RAM, unha capacidade de almacenamento de 4 GB, pantalla cunha resolución de 360 x 326 píxeles, unha batería de 400 mAh que promete unha autonomía de 24 horas, un grosor de 13 milímetros e un peso de 71,94 gramos.

Fronte a outros smartwatches semellantes poderiamos comentar que carece de monitor de ritmo cardíaco, pero non debería ser unha prestación que se bote en falta xa que non estamos ante un reloxo deportivo. En calquera caso parece que Fossil atinou ao incorporar ao seu catálogo este reloxo antes da campaña de Nadal, xa que pode converterse nun agasallo para os usuarios de reloxos que queiran darlle unha oportunidade ao concepto smartwatch. ■

Parrot trae a España o seu dron Bebop 2

Parrot, tras innovar co seu Bebop Drone, un dos drons de consumo máis populares pola súa relación calidade-prezo e facilidade de control, presenta agora a súa no xeración, o Bebop 2, que destaca polo seu tamaño compacto, a súa construción robusta, o seu voo estable e o seu peso reducido (500 gramos) e que incluso goza dunha autonomía de 25 minutos, superando a moitos outros drons de recreo.

Este novo cuadricóptero conta con Wi-Fi para permitir o seu manexo cun smartphone ou unha tableta (aínda que tamén é compatible co Skycontroller Black Edition, un mando a distancia de radio control cunha cobertura de até 2 quilómetros) e integra unha cámara con obxectivo de ollo de peixe coa que poder sacar fotografías de 14 Mpíxeles, estabilización dixital nun marco de 3 eixes e gravación de vídeo Full HD.

O Parrot Bebop 2 sae á venda este mesmo mes a un prezo de 549 euros (podendo engadirlle o Skycontroller por 400 euros máis), aínda que no que resta de ano El Corte Inglés terá a exclusiva para a súa distribución en España, de xeito que haberá que agardar a xaneiro para poder adquirilo en tendas de electrónica e grandes superficies. ■

O Moto 360 Sport fusiona smartwatch e reloxo deportivo

Motorola quere manter o seu posto de referencia no mercado dos smartwatches con Android, e o que fora o primeiro dispositivo *desexado* da súa clase pola súa pantalla circular, o Moto 360, estrea un novo modelo, o Moto 360 Sport, que supón a fusión do anterior smartwatch cos reloxos deportivos, de xeito que permite saír a practicar deporte sen cargar co smartphone, xa que integra GPS, monitor cardíaco e reprodutor musical.

Para ser apto para a práctica deportiva o Moto 360 Sport conta cunha construción en silicona resistente que non absorbe a suor e permite a ventilación lateral; inclúe GPS que funciona en combinación con software Moto Body para medir o desempeño durante os adestramentos; é compatible con numerosas aplicacións deportivas para Android (Fitbit, Google Fit, MapMyRun...) coas que permite sincronizarse; fai un seguimento do ritmo cardíaco durante os adestramentos, para poder saber se cumprimos cos obxectivos marcados; a súa pantalla híbrida fai que en interiores poidamos gozar dunha fermosa pantalla LCD, mentres que en exteriores reflexa a luz natural sendo doada de ler; ten un marco moi reducir para aproveitar o seu tamaño o máximo posible; tamén pode empregarse para tarefas cotiás (ler mensaxes de Gmail, responder a mensaxes de WhatsApp, recibir informes meteorolóxicos...); pode sincronizarse coas nosas cancións e podcast favoritos a través de Google Play Music para poder escoitalos cando non teñamos o teléfono a man; e mellora a súa batería para permitir que incluso coa pantalla en modo ambiente acendido a batería do reloxo poida durar un día enteiro.

Este novo smartwatch chegará a Reino Unido e Francia o 18 de decembro, mentres que nos EE.UU. porase á venda o 7 de xaneiro a un prezo de 299 dólares. A súa comercialización continuará despois por Brasil, Canadá, China, México e España. ■

A nova tableta de Xiaomi terá acabado metálico e versión con Windows 10

O fabricante chinés Xiaomi parece querer continuar a trunfar no mercado dos smartphones e as tabletas con terminais elegantes, potentes e económicos, mantendo o rumbo trazado nos últimos meses, pero apostando desta volta polas carcasas metálicas (o que supón un plus de calidade) e algunha sorpresa como o feito de que a súa nova tableta conte co opción de funcionar con Windows 10 na súa versión de 64 GB que sairá á venda a finais de decembro (de xeito que os usuarios poderán optar entre o sistema operativo de Microsoft ou a versión de Android personalizada por Xiaomi).

Deste xeito o Mi Pad 2 sería unha evolución do popular Mi Pad (considerado como a tableta máis semellante ao iPad mini que funciona con Android) que sería un 18% máis delgado e 38 gramos máis lixeiro (quedando nun grosor de 6,95 milímetros e un peso de 322 gramos), e mudaría a súa oferta cromática anterior por un acabado metálico en cor gris escuro ou champaña ouro.

O Mi Pad 2 parece ter potencia dabondo para ser unha tableta máis que competente, xa que funciona cun procesador Intel X5-Z8500 de 64 bits e 4 núcleos a 2,24 GHz, 2 GB de RAM LPDDR3, 16 ou 64 GB de almacenamento interno, pantalla IPS de 7,9 polgadas cunha resolución de 2.024 x 1.536 píxeles (ou sexa, a mesma resolución que o iPad mini 4), cámaras de 8 e 5 Mpíxeles e batería de 6.190 mAh con carga rápida (que sería dabondo para reproducir vídeo até 12,5 horas) a través do seu porto USB tipo C (reversible).

Algunha das prestacións salientables do Mi Pad 3 serían o contar cun modo de lectura que reduce a luz azul para reducir a fatiga visual e, na liña do que fai Apple, conta con detección de presións accidentais na pantalla.

O Mi Pad 2 de 16 GB puido mercarse a 999 iuans (146,73 euros), mentres que a versión de 64 GB (con Windows 10) non chegará até finais de decembro a un prezo de 1.299 iuans (190,79 euros). ■

PC | PS4

STREET FIGHTER V

Terá unha edición limitada para PS4

Capcom informou de que o vindeiro 16 de febreiro o xogo *Street Fighter V* para PlayStation 4 vai contar en Europa cunha edición limitada *Day One Steelbook*, ou sexa, unha edición de lanzamento con caixa metálica, que será toda unha peza de colección. A caixa do xogo presenta a Ryu na súa portada e o icónico escenario de China no seu interior, e nas vindeiras semanas detallarán as canles de comercialización e os prezos que terá esta edición especial do xogo.

Street Fighter V pretende iniciar o ano que vén toda unha nova xeración de xogos de loita, destacando polo feito de que contará con versións para PC e PS4 que non serán independentes, senón que os xogadores dunha plataforma poderán enfrontarse en liña cos da outra, creando unha situación sen precedentes a nivel de competición. ■

PS3 | PS4 | Xbox 360 | Xbox One | PC

MASACRE

O xogo estrea versión para consolas de nova xeración

En febreiro do ano que vén vai chegar aos cines o filme de Masacre, violento e hilarante personaxe da Marvel que en 2013 estreara videoxogo para PC, Xbox 360 e PlayStation 3, e que para curiosamente rexorde para aproveitar o pulo cinematográfico con versións para Xbox One e PlayStation 4, que están á venda por 49,99 euros, mentres que a versión para PlayStation 3, que no mes de xullo volveu á PlayStation Store, está agora de oferta a só 20 euros.

Este xogo desenvolvido por High Moon Studios está así de volta con gráficos mellorados, pero conservando todas as súas características iniciais: humor desmedido, violencia extrema (o xogo non está recomendado para menores de 18 anos), aparicións de numerosos personaxes da Marvel (principalmente da Patrulla X), variadas armas (dende katanas até explosivos) e toda unha chea de detalles que cativarán aos seareiros do personaxe de banda deseñada. ■

TRAILER DE LANZAMENTO

IOS | Android

RAYMAN ADVENTURES

Chega de balde ás tendas de aplicacións móbiles

Dende o seu *reboot* os xogos de Rayman están a causar furor en consolas de videoxogos e dispositivos móbiles polos seus orixinais, coidados e divertidos deseños e pola súa acción frenética, e agora temos finalmente o terceiro xogo móbil desta saga, *Rayman Adventures*, que destaca fronte a *Rayman Jungle Run* e *Rayman Fiesta Run* por ser o primeiro en optar pola fórmula do *free-to-play*.

Dende hoxe podemos descargar de balde *Rayman Adventures* para iOS e para Android, o que nos permite embarcarnos nunha aventura asombrosa a través de mundos de lenda coa misión de rescatar aos *Incrediballs*. Teremos así unha combinación de acción e exploración, xa que debemos buscar e *coleccionar* todos os *Incrediballs* para levalos de volta a casa. Tamén podemos desatar o poder dos *Incrediballs* para conquistar aventuras épicas, podemos coidalos e incluso facer medrar a árbore máis grande do mundo (elemento competitivo do xogo).

Aínda que o xogo é de balde, no mesmo pódense mercar obxectos con cartos reais, que é o modelo de negocio elixido por este excelente xogo de Ubisoft que comprobará se esta fórmula é máis rendible que a venda tradicional de xogos descargables. ■

PS3 | PS4 | Xbox 360 | Xbox One | PC

PES 2016

Estrea versión free-to-play

Nos últimos anos non foron poucos os xogos que pasaron dun modelo de pagamento ao *free-to-play* para poder manter a súa rendibilidade, e finalmente parece que Konami reaccionaría ao dominio que Electronic Arts está a exercer nos xogos de fútbol, e optou porque o *Pro Evolution Soccer 2016* (PES 2016) estrease unha versión *entry level* que pode descargarse de balde, e que conta co Modo Exhibición completo coa posibilidade de elixir 7 equipos entre os que se atopan o Bayern Munich, a Juventus, a AS Roma, Brasil e Francia. Tamén conta co modo completo de Adestramento e o popular myClub. Deste xeito os usuarios poden probar o PES 2016 tanto a través da Internet como en local, e gozarán de acceso ilimitado ao modo myClub, onde os xogadores poden empregar as moedas acumuladas no xogo e realizar micro-transaccións para construír un equipo gañador.

myClub permite que os usuarios experimenten a xestión dun club e desenvolvan o seu propio cadro de xogadores. As aliñacións e estatísticas de myClub actualízanse semanalmente e continuamente recibe máis competicións, eventos e promocións, onde os usuarios poden elixir o adestrador e fichar adestradores, configurar o seu estilo de xogo e desenvolver unha estratexia a longo prezo baseada na consecución de obxectivos específicos.

A edición *free-to-play* é compatible coas actualizacións e novos contidos que o PES 2016 vaia recibindo durante toda a tempada.

Queda agora por ver se estamos ante unha simple *xogada* por parte de Konami para incrementar os seus ingresos a través das micro-transaccións (que son maiores canto maior sexa a base de usuarios), ou se están a explorar a posibilidade de que no futuro o *Pro Evolution Soccer* pase a ser un xogo totalmente *free-to-play*. ■

NUEVA PIZZA

Gallega

Con Chorizo de pueblo, doble de Lacón y Grelos

PRUÉBALA

Felices Fiestas!

Hugo y Rubia

Consulta las condiciones de la oferta en tu establecimiento.
Válido en establecimientos adheridos.

PIZZA MÓVIL

¡¡SOMOS LA PIZZA!!

Descúbrela en

PIZZA MÓVIL.es

OURENSE
A PROVINCIA TERMAL

INTERNACIONALIZACIÓN DO NOSO TERMALISMO

O PROGRAMA MÁIS COMPLETO DE ESPAÑA EN OCIO E SAÚDE TERMAL

ESTANCIAS EN 6 BALNEARIOS DA PROVINCIA DE OURENSE

"VIAXES TERMAIS" DENDE 40 ESTACIÓNS DE TREN

DEPUTACIÓN OURENSE

para máis información: http://termalismo.depourense.es